

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2011.-

<p>SRES. Asistentes Sr. ALCALDE: D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. SRES. CONCELEIROS: D^a María Victoria Montenegro Paz. D. Francisco García Prego. D. José Salvador Ferreiro Montenegro. D^a Ana María Fernández Coira. D. José Manuel Cendán Fernández. D^a Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D^a Josefina Martínez Martínez. D. Luis Cendán Fernández. D. Francisco Echevarría Lage. Non asisten con excusa: D. Manuel Rodríguez Doval. D^a Belen Abeal Pérez. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e nove minutos do día vinteseite de xaneiro de dous mil once, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto 1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO CONCELLO PLENO OS DÍAS 29 DE ABRIL E 30 DE SETEMBRO DE 2010.

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación as actas das sesións celebradas os días 29 de abril e 30 de setembro de 2010.

PUNTO 2º.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO UNICO DE FERROL DE 13-12-2010, "CLAUSURA CAUTELAR CAFÉ-BAR".

Dada conta da Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo Unico de Ferrol, de data 13-12-2010, na que se dicta o seguinte FALLO:

"Debo desestimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D^a María del Carmen Abeal Bouza, contra el acuerdo de la Junta Municipal de Gobierno del Concello de Ares de fecha 10-10-2008, por la que se clausura como medida cautelar un local destinado a café-bar, resolución que confirmamos por ser ajustada a derecho, sin expresa condena de costas."

O Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández, pregunta que se pensa facer con esto.

Resposta o Sr. Alcalde que a Sentenza lle da a razón o Concello, e os servizos de urbanismo foron comunicando en cada momento o tiñan que facer, e algunhas cousas as foron facendo, e me imaxino que seguirán dando os pasos necesarios para cumprir a normativa, ese café-bar efectivamente nunca pechou, en consecuencia esta aberto, os servizos de urbanismo

correxiron algunhas situacións, a situación non é a anterior, se foron corrixindo moitas deficiencias, en consecuencia agora mesmo non hai motivo de conflito.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDIO DE DETALLE DE INICIATIVA PARTICULAR A INSTANCIA DE DNA. CRISTINA NAVEIRO RODRÍGUEZ.

O Concello Pleno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle de iniciativa particular de aliñacións e rasantes en A Tenencia-Caamouco, promovido por Dna. Cristina Naveiro Rodríguez, quedando extinguida a suspensión de licencias.

2º.- Publicar o Acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do Estudio de Detalle no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Notificar o presente Acordo ós propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudio de Detalle.

4º.- Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do Estudio de Detalle referido a aliñacións e rasantes en Curveiro-Caamouco, á vez que se lle da traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

5º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

PUNTO 4º.- APROBACION PROVISIONAL PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAIS DAS NORMAS DE ORDENACIÓN SUBSIDIARIA DE PLANEAMENTO DE ARES.

Dase conta do informe conxunto de Secretario e dos Servicios Técnicos Municipais de data 21 de xaneiro de 2011 que seguidamente se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA E SERVIZOS TÉCNICOS

Aprobación provisional proxecto modificacións puntuáis das NN.OO.SS.PP. de Ares.

En relación co expediente relativo á aprobación do Proxecto de Modificacións Puntuáis das Normas de Ordenación Subsidiarias, emítase o seguinte informe, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente o Proxecto de Modificacións Puntuáis das Normas de Ordenación Subsidiarias de Ares por acordó do Pleno con data 26 de maio do 2010, foi sometido a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no *Diario Oficial de Galicia* n.º 174, con data 9 de setembro de 2010, no xornal La Voz de Galicia, con data 9 de setembro do 2010, e no xornal Diario de Ferrol, con data 9 de setembro do 2010.

SEGUNDO. Non se deu no mesmo prazo de información pública, audiencia aos Municipios limítrofes por non limitar o ámbito do Proxecto de Modificacións aos mesmos.

TERCEIRO. Durante o período de información pública, presentáronse as seguintes alegacións:

- Dn^a. María Roel Lodeiro. (Rex. Entrada 3221/10).
- Grupo Municipal Mixto. (NAL) (Rex. Entrada 3711/10).

CUARTO. Con data 3 de agosto do 2010, solicitouse informe das seguintes Administracións sectoriais:

- Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestructuras. Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo.
- Augas de Galicia.
- Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

QUINTO. Con data 9 de setembro de 2010 (Rex. Entrada 3093/10) ten entrada Informe de 01-09-10 emitido por Augas de Galicia.

Con data 22 de outubro (Rex. Entrada 3573/10 e 3574/10) teñen entrada informes da Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestructuras -Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo-.

QUINTO. Ao respecto das alegacións, suxestións e alternativas, informouse polo equipo redactor :

- Alegación 3.221/10 : Dado que o escrito non constitúe alegacións ás Modificacións Puntuáis das NN.OO.SS. de Ares, non procede realizar informe algún.
- Alegación : 3.711/10 : Dado que o 5% de ocupación da área, que suponen 4.650 m2.

representa unha superficie suficiente para acoller as instalacións imprescindibles para o uso deportivo ao que se pretende destinar o ámbito de actuación, estímase que non procede acceder ao solicitado.

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 52 e seguintes, 77, 81, 84, 85, 89, 92, 97, 100 e 101 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

— O artigo 5.b) da lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia.

— A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.

— O Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

Así mesmo é aplicable a Lexislación sectorial seguinte:

— Defensa: disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

— Estradas: artigo 10.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, cando afecte a estradas estatais; artigo 15.4 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de

Estradas de Galicia, cando afecte á rede autonómica de estradas.

- Costas: artigo 112.a) da Lei 22/1988, de 28 de xuño, de Costas.
- Sector ferroviario: artigo 7 da Lei 39/2003, de 17 de novembro, do Sector Ferroviario.
- Patrimonio cultural: artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Patrimonio das Administracións Públicas: artigo 189 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Augas: artigos 20.1.d), 25.4 e 40 do Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Medio ambiente: artigo 18 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- Residuos: artigo 21 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia.
- Montes: artigo 39 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.
- Sector de hidrocarburos: artigo 5 da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos.
- Sector eléctrico: artigo 5 da Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico.
- Telecomunicacións: artigo 26 da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.
- Integración social dos minusvalidos: artigo 54 da Lei 13/1982, de Integración Social dos Minusvalidos, e Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ruido: Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido; Real Decreto 1513/2005, de 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental; así como o Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións de calidade.
- Turismo: Lei 9/1997, de 21 de agosto, de Ordenación e Promoción do Turismo en Galicia.
- Deporte: artigo 13 da Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia.
- Portos: Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Marina Mercante.



CONSIDERACIÓNS SUSTANTIVAS-PROCEDIMENTAIS

Primeira.- Á vista do informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras á Modificación para á adecuación ao proxecto do Ministerio de Medio Ambiente, para a recuperación do borde litoral da praia de Chanteiro, e á vista do carácter vinculante do mesmo, é procedente excluír do ámbito de dita Modificación Puntual o novo vial de acceso a propiedades privadas que transcorre lonxitudinalmente ao longo da zona de servidume de protección.

Segunda.- A tenor do previsto no artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia o acordó de aprobación definitiva do proxecto de modificacións puntuais haberá de publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Proxecto de Modificacións quedan condicionadas ao cumprimento do sinalado no párrafo anterior e ao establecido no artigo 70.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, 2 de abril, Reguladora das Bases das Bases do Réxime Local, e dicir, publicación íntegra do texto e haxa transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada Lei 7/1985.

Terceira. - Nos termos do artigo 85.8 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, caco de que se pretendar introducir, no momento da aprobación provisional polo pleno municipal, modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto á clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abriráse un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido acordó do pleno municipal e da remisión da documentación oportuna á consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva.

A estos efectos -modificacións substanciais- é necesario acudir á doutrina xurisprudencial para chegar a determinar o alcance e contido de "modificación substancial" como concepto xurídico indeterminado.



Así a Sentenza do **Tribunal Superior de Justicia de Valencia (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 1ª)** de 14 de abril de 1998, establece no Fundamento Xurídico 2º :

"Los nuevos períodos de información pública sólo son exigibles, en el procedimiento de elaboración de los planes, en aquellos supuestos en los que las alteraciones introducidas sean de tal entidad que impliquen una mutación grave y consistente del modelo territorial propuesto por el plan, hasta el punto de que exigirían, en rigor la redacción de un nuevo proyecto.

A Sentenza 5 de xuño de 1995 do Tribunal Supremo, pronunciose no seguinte sentido:

" El art. 130 del Reglamento de Planeamiento preceptúa la necesidad de nuevo trámite de información pública, cuando la aprobación provisional de un proyecto del Plan Urbanístico comporte una modificación sustancial respecto del contenido de la Aprobación Inicial, e idéntico criterio respecto de la Aprobación Definitiva, mantiene el art. 132.3,b) del mismo Reglamento.... La apreciación del carácter sustancial de cualquier modificación en las determinaciones de un Plan de Ordenación Urbana, durante su tramitación, presupone el reconocimiento de un concepto jurídico indeterminación cuya integración ha de ser colmada en cada caso concreto y específico, en función de las características y trascendencia de tales modificaciones. No obstante ello, esta Sala viene reiteradamente mantenimiento en su doctrina jurisprudencial que, con carácter general, la sustancialidad de tales modificaciones ha de ser interpretada restrictivamente, de tal modo que la repetición de la información pública en la tramitación de un Plan habrá de tener lugar cuando las modificaciones introducidas supongan un nuevo esquema de planeamiento y alteran por tanto de una manera esencial, o al menos importante, las líneas y criterios básicos del Plan y su propia estructura, y por ello no será precisa una nueva Información Pública cuando las modificaciones afecten a aspectos concretos del Plan y no quede afectado el modelo territorial dibujado en el mismo.

Pola súa parte, a **Sentenza 12 de xuño de 1995 do Tribunal Supremo** ratifícase nesta liña, recollendo, ademáis, o que constitúe unha Doutrina Xurisprudencial reiterada, facendo ao efecto as seguintes manifestacións :

"asimismo, esta Sala, en sus Ss. 3 de mayo y 28 de noviembre de 1990, 27 de



febrero y 5 de abril de 1991, 10 de marzo de 1992, 10 y 23 de marzo, así como 28 de septiembre, 15 y 16 de diciembre de 1993, entre otras, ha precisado el concepto de Modificaciones Substanciales a efectos de la nueva Información Pública entendiéndolo en el sentido de que los cambios supongan alteración del modelo de planeamiento elegido, al extremo de hacerlo distinto y no solamente diferente en aspectos puntuales ya accesorios, una alteración en la estructura fundamental del planeamiento elaborado, un nuevo esquema del mismo que altere, por tanto, de manera importante y esencial, sus líneas y criterios básicos y su propia estructura, no cuando las modificaciones afecten a aspectos concretos del plan y no quede afectado el modelo territorial dibujado en él" (fundamento de Derecho segundo, in fine).

Aunque ciertamente como demuestra la Prueba Pericial, las modificaciones introducidas han sido cuantiosas, la cantidad no se transforma en calidad por el mero hecho de su magnitud, de tal manera que sólo existe "Alteración Sustanciar cuando los cambios son de tal naturaleza que, el modelo territorial derivado de la modificación es materialmente distinto del aprobado inicia/mente.

No tienen la naturaleza de alteraciones substanciales, según la doctrina expuesta; ni la modificación en la calificación de parcelas; ni someras alteraciones en los límites del suelo urbano; ni la supresión o desplazamiento de zonas verdes; ni la reducción de ciertos viales o la modificación de otros; ni ligeros aumentos de edificabilidad en ciertas zonas; ni la redimensión de unidades de ejecución; ni los cambios técnicos en la redacción de Ordenanzas; ni ciertas modificaciones en la determinación de algunos usos en ciertas zonas; ni leves alteraciones en el alcance de los Estudios de Detalle, ni la creación de nuevas Unidades de Ejecución; ni el cambio de los Sistemas de Actuación en ciertas unidades de Ejecución; ni los circunstanciales cambios de uso en algunos puntos del Plan.

Es más, muchas de estas modificaciones, fueron introducidas a instancia de los particulares, benefician a ciudadanos concretos y, fueron aceptadas por la administración urbanística. Ninguna de ellas, reiterando la doctrina expuesto, tanto se consideren aisladamente, como en conjunto, alteran el modelo territorial propuesto por el plan y diseñado en la Memoria del mismo, ni son tan consistentes que exigirían la redacción de un nuevo instrumento.



Ilustrativa é a Sentenza **do T.S (Sala 3ª, Sección 6ª) de 19 de setembro de 1998**, ao establecer no Fundamento de Dereito terceiro :

" , sólo pueden considerarse modificaciones sustanciales aquellas que, por alterar fundamentalmente el modelo territorial sometido a una anterior información pública, pueden hacer entender que falta ésta, lo que obliga a reiterarla, y para ello es preciso que la modificación, por la superficie afectada o por su extensa relevancia dentro de la estructura general y orgánica de la ordenación del territorio, venga a alterar seriamente el modelo territorial elegido".

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislacion aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 85.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tal é o noso informe, que emitimos en Ares, a 21 de xaneiro de 2011."

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que a Sentencia firme que determina a nulidade do Plan de Urbanismo do ano 1999, produce como efecto que recuperen vixencia as normas subsidiarias dos anos 70, as cales xeneran nese sentido moitísimos conflitos, o que nos pon na necesidade de facer un Plan de Urbanismo novo, o cal xa se esta elaborando, levamos nese sentido co equipo de redactor numerosas sesións de portavoces, para ver como o Plan se ía adaptando as sucesivas reformas da Lei do Solo, en febreiro do ano pasado se fixo unha reforma da Lei do Solo, beneficiosa sobre todo para os núcleos rurais, e nos puxemos loxicamente como meta, adaptar os traballos realizados a mesma, é certo que agora á Consellería de Política Territorial xa anunciou a quinta reforma da Lei do Solo desta Lexislatura, eso vai a implicar outra vez a necesidade de acomodar os traballos que se están realizando a esa quinta reforma, e mentras tanto xa explicamos en outras ocasións que resulta moito mas sinxelo adaptar as Normas Subsidiarias á nova realidade a través de modificacións puntuais, decidimos traballas á par, en modificacións puntuais que son máis rápidas, facendo á vez un novo Plan que é máis lento, estamos facendo efectivamente os dous traballos, e agora xa veñen a Pleno eses proxecto que fomos vendo na Xunta de Portavoces, e que dictaminamos na última Comisión de Urbanismo.



Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que este paso é bon, que a Lei do Solo se vai a Reformar, polo tanto o prazo parece ser que será despois das Eleccións Autonomicas e Municipais, polo tanto isto como mínimo vai para un ano seguramente, ata que saibamos como queda definitivamente a Lei do Solo de Galicia, polo tanto o Plan a corto prazo, mínimo dun ano seguramente non empezaremos a traballar. Eu quería dicir que en canto as modificacións puntuais que hoxe veñen aquí, en canto a unha en concreto, nos como grupo presentamos unha alegación, que se entenda que é de forma positivista, porque entendíamos que a Lei a este tipo de parcelas, podía reservar o solo de edificabilidade, nun 20% da parcela e a proposta que ven hoxe a Pleno e que se fixo por parte do equipo redactor poñía o 5%, despois de leída a resposta que se da por parte do Equipo Redactor, entendo tamén que por parte do equipo de goberno non houbo ningún interese, isto se sobreentende, eu creo que o fai, para axiliar para tratar de evitar o trámite administrativo, como se ve aquí en toda as propostas que veñen que o tema de avaliación ambiental estratéxica todas as modificacións o salvaron, eu creo que esta aínda que puxese o 20% de ocupación o ía salvar tamén, en todo caso é un trámite administrativo, pero por outra parte non reserva o 20% co cal nos cara a futuras modificacións ou propostas que se podan facer, teríamos hai o 20% de ocupación para este tipo de parcelas, polo tanto eu creo que a contestación que ven dada polo equipo redactor, dicindo que entende el, non a Corporación, di que o 5% de ocupación da area que supón 4650 m²., é superficie suficiente para acoller as instalacións imprescindibles para uso deportivo, e que se pretenda destinar a este ámbito da actuación, polo tanto eu penso que eso é unha decisión opinable, que é unha cousa do equipo redactor, en todo caso non é un tema legal, polo tanto eu creo que estamos no certo, que estamos a tempo de modificar e deixar plasmado o porcentaxe de ocupación da parcela, e na constestación me imaxino que el querrá salvar o tema administrativo, que salve o escollo de ter que sometelo a avaliación ambiental estratéxica, e creo que sí desde ese punto de vista eu non teño ningún tipo de inconveniente, xa digo a miña posición é positiva, tratar de buscar a mellor solución, que é o interese xeral neste caso, porque estamos falando do 5% que pon a proposta o 20% que é o que fixa a Lei ademais, polo tanto eu creo que a proposta é positivista e ademais eu creo que si despois de aprobar esta temos que ir a outra modificación creo que estamos a tempo agora de corrixir eso, a miña proposta a vou a seguir mantendo e será o Pleno o que teña que dicir si o 5% ou o 20%, cal é o adecuado nestes momentos, pola miña parte nada máis.

Interven o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: Eu non quero ser repetitivo na miña exposición pero si deixar claro o motivo polo que se modifican as Normas Subsidiarias, isto ven motivado pola caída do Plan de Urbanismo e a entrada en vigor das Normas Subsidiarias, estas hai que adaptalas a Lei do Solo de Galicia en vigor, para poder dar licencias como se están dando agora, se están dando algunhas pero hai



outras paradas para as que hai proxectos, como pode ser o campo de deportes, como pode ser o tema do Colexio, que non poden sair adiante por non ter estas modificacións feitas, deixar claro tamén que nos vemos un inconveniente aquí, e o inconveniente que podemos ver é que na Xunta ó presentar sete, creo que a idea o mellor sería presentar de dúas en dúas, porque vamos a mandar sete e os técnicos da Xunta poden dicir que esto é un Plan encuberto, e nos poden emprazar a facer un Plan Xeral novo, eu creo que este é o único escollo que eu lle podo ver, o darlle a aprobación a esto, e creo que a solución sería mandalas de dúas en dúas darlle un marxe de tempo a cada paquete que se fora mandando, e non mandar as sete xuntas, van a ver que é un Plan Xeral novo, nos vamos a funcionar exactamente igual que si tiveramos un Plan Xeral novo, e o único inconveniente que lle vexo e que nos digan que estamos a facer un Plan Xeral encuberto. Nos vamos a darlle o visto bo, creemos que non se pode paralizar o futuro do Concello, como pode ser o Colexio, os campos e outras actuacións que se poden proxectar e creo que é fundamental para poder funcionar en urbanismo ter estas modificacións aprobadas pero como dixen antes e reitero que o único inconveniente que lle vemos nos é mandalas sete xuntas, eso deberíamos estudialo con anterioridade e mandalas de dúas en dúas para que non vexan así, que me mandan un Plan Xeral ou unhas modificacións puntuais, e o único escollo que eu lle vexo, nos vamos a votar favorablemente.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, o conxunto de modificacións que se someten hoxe á aprobación provisional, esto supón o segundo paso, este Pleno xa as aprobou inicialmente, no seu momento fixemos a aprobación inicial todas as modificacións tiveron os informes preceptivos favorables, e un deles o da avaliación ambiental estratéxica e dalgunha maneira o que condiciona efectivamente o tema da alegación que presenta NAL. Nos en Pedrós concretamente desenrolamos o que sería un ámbito de equipamentos deportivos, os ámbitos de equipamentos deportivos esixen unha edificabilidade mínima, efectivamente as infraestruturas deportivas son o aire libre, e en consecuencia non hai necesidade de construír edificios, agora si é certo que efectivamente mañan pode xurdir a necesidade de construír algún, entónce a alegación que presenta Luis é razoable, e é efectivamente lóxica pero o informe de avaliación estratéxica xa veu favorable coa edificabilidade do 5%, entónce aceptar a alegación de Luis suporía volver a solicitar a avaliación ambiental estratéxica, e en consecuencia bueno pois efectivamente, retrasar a aprobación provisional, cando tamen é certo que de momento non está previsto construír ningún edificio, sería que se poidera facer cando se quixera construír algo que excedera da ocupación do 5%, por eso agradezo a Luis que a pesar de haber feito a alegación mostre a súa disposición favorable a unhas solucións que son provisinais, para que as veciñas e veciños de Ares atopen acomodo a seus intereses porque nestes últimos tres anos, loxicamente o paron, neste ámbito sabemos que foi moi importante, ademáis estas normas que



agora se modifican lle dan entrada o proxecto de rehabilitación integral da fachada marítima de Chanteiro, que é un proxecto importantísimo que vai a reordenar toda a fachada, mellorando loxicamente todos os viais e ademáis creando novos servizos, un aparcamento, bar restaurante, paseos peatonais, accesos as praias, e a verdade é que Chanteiro, necesita urxentemente que aprobemos esta modificación, porque ese proxecto de Costas xa saíu a información pública, non vaia ser que Costas tramite todo e teña que parar porque nos non temos encaixe a ese proxecto no noso Planeamento Urbano, entón esta tamén é importante. A seguinte é a da ampliación do Colexio, o Colexio necesita un novo edificio infantil, e esta claro que ese edificio infantil so se pode facer no ámbito urbano, e ese ámbito urbano é o actual aparcamento de profesores, si se ocupa o actual aparcamento de profesores que é o único ámbito urbano onde se pode edificar as aulas de infantil, pois eso hai que poñelo noutro sitio, e ese outro sitio pois efectivamente é o que contempla a ampliación a través desta modificación que permite inxectar no Colexio un espazo de solo similar ó que o novo edificio de infantil podía ocupar, ven tamén todo o tema do viario de Redes, que vai a dar solución ós graves problemas que ten unha zona de Ares que ademáis é obxecto dun especial control por parte de Costas e de Patrimonio, sobre Redes converxe un ámbito competencial superposto que fai moi difícil todo, porque o que quere facer algo en Redes, necesita licenza municipal, permiso de Patrimonio e Permiso de Costas, ten que ir a tres sitios distintos e efectivamente co risco que supón que en cada sitio lle poñan impedimentos, e por suposto o resto das modificacións, pois tamen implican desenrols importantes, en canto á modificación das normas loxicamente para o ámbito urbano de Ares, e isto é o que se somete efectivamente hoxe a votación, todos os informes son favorables, non é un Plan encuberto porque quedan fora todos os núcleos rurais, isto so amaña o casco urbano e a zona de Pedrós, e a zona do Colexio e a zona de Chanteiro pero todos os núcleos rurais están fora, e en consecuencia necesitamos unha segunda fase, que é incorporar o Planeamento absolutamente todos os nucleos rurais, en consecuencia despois destas modificacións despois de que estén aprobadas, faremos unha segunda tanda que incorporará todos os nucleos rurais para ter efectivamente ese Plan urbano que necesitamos dado que o que estamos facendo se está retrasando por sucesivas reformas da Lei do Solo, entón non so damos resposta a estas cuestións senón que a segunda tanda de modificacións a empezaremos de inmediato, e loxicamente incorporaremos os nucleos rurais, Lubre necesita unha solución, Cervás necesita unha solución, Barracido necesita unha solución, Seselle necesita unha solución, entón vamos a incorporar loxicamente todos os núcleos rurais, por eso non podemos retrasar estas moito, porque temos interese de empezar xa cos núcleos rurais canto antes, e en consecuencia e a razón polo que efectivamente temos os informes favorables, e faltando todo o ámbito rústico que é moitísimo difícilmente van a entender que é un plan encuberto, por eso a pesar desta obxección agradecemos as palabras do voceiro do Partido



Popular, que pensando algo distinto, que é loxico que pensemos algo distinto, sen embargo mostra a súa predisposición a apoialas, porque aquí tamén vai o Mazote, o problema das alineacións no Mazote e grave, e temos efectivamente un Mazote totalmente urbanizado cunha carretera fenomenal e as transversais a esa carretera tamén, entón tamén hai que reordenar o lugar do Mazote que é moito máis que a rúa antiga do Mazote, o Mazote e esa avenida e todas as transversais que dan a esa Avenida, e en consecuencia hai tamén solventamos definitivamente algún problema, e sin ningún tipo de rubor pois tamén temos que darlle tranquilidade os veciños que fixeron inversións, que mercaron pisos, e que efectivamente teñen algún problema que se pode legalizar, e que a través desta modificación vamos a legalizar, porque efectivamente tratase de amañarlle a vida loxicamente a xente que desexamos que merque un piso non un problema, e agora gracias a Deus con esta modificación esta claro que mercou un piso non un problema, porque o problema o vamos a resolver e en consecuencia e unha resposta que moita xente está esperando, hai moita xente pendente destas modificacións, Redes esta pendente, os veciños do Mazote están pendentes, os veciños de Chanteiro están pendentes, as nais e país dos nenos de infantil están pendentes, e en consecuencia efectivamente esa é a importancia do que hoxe sometemos a Pleno.

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación do proxecto de modificacións puntuais en diferentes ámbitos das normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares.

Visto que aprobado con carácter inicial na sesión plenaria do día 26 de maio do 2010, foi sometido a información pública mediante Edictos publicados no Diario oficial de Galicia núm. 174, do 9-09-2010 e nos xornáis La Voz de Galicia e Diario de Ferrol do 9-09-2010.

Vistos os informes sectoriais emitidos pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de datas 14-10-2010 e Augas de Galicia de 02-09-2010.

Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma por Dn^a. María Roel Lodeiro (Rex. Entrada 3221/10, e o Sr. Luis Cendán Fernández en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Mixto (NAL), (Rex. Entrada 3711/10).



Visto o informe emitido polo equipo redactor ás mesmas (Rex. Entrada 4302) nos termos que no mesmo figura.

Visto o informe emitido polo equipo redactor ao informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras sobre a Modificación Puntual das NSM de Ares, para a súa adecuación ao proxecto do Ministerio de Medio Ambiente, para a recuperación do Borde Litoral da praia de Chanteiro, no Municipio de Ares de data 27-11-10 (Rex. entrada 4301/10).

Visto o informe conxunto de Secretaría e dos Servizos Técnicos, de conformidade co disposto no artigo 85.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Desestimar a alegación presentada por Dn. Luis Cendán Fernández, polos motivos expresados no informe do equipo redactor de data 27-12-2010.

SEGUNDO. Considerar improcedente e inatente o escrito de Dn^a. María Roel Lodeiro por non gardar relación co obxecto do expediente de aprobación do Proxecto de Modificacións Puntuais en diferentes ámbitos das Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares.

TERCEIRO. Estimar o informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras sobre a Modificación Puntual das NSM de Ares, para a súa adecuación ao Proxecto do Ministerio de Medio Ambiente, para a recuperación do borde litoral da praia de Chanteiro, no Municipio de Ares, polos motivos expresados no informe do equipo redactor de 27 de decembro de 2010; en consecuencia, introducir no expediente as modificacións indicadas no informe.



CUARTO. Aprobar provisionalmente o Proxecto de Modificacións Puntuais en diferentes ámbitos das Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares.

QUINTO. Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de Proxecto de Modificacións Puntuais en diferentes ámbitos das Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares á Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva

PUNTO 5º.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRANSPORTE A ECOPLANTA E LIMPEZA VIARIA.

Dase conta do informe de Secretario que seguidamente se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO : Proposicións presentadas ó concurso para a adxudicación dá prestación do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Ares mediante Concesión Administrativa.

ANTECEDENTES

1º.- Na sesión plenaria do día 25 de febreiro de 2010 aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares do concurso para a adxudicación da concesión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e transporte á ecoplanta e limpeza viaria no Concello de Ares.

2º.- A convocatoria de licitación é anunciada no B.O.P. núm. 82, do 4 de maio e no D.O.G. núm. 87, do 10 de maio de 2010.



3º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Mesa de Contratación o día 10/06/10 procede á apertura e calificación da documentación presentada, concurrindo :

- CELTA PRIX, S.L.
- ASCAM EMPRESA CONSTRUCTORA Y DE GESTIÓN, S.A.
- DÍAS VERDES de nacionalidade portuguesa.

4º.- Con data 14 de outubro de 2010 emítase informe-valoración polos servizos técnicos municipais.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O contrato de xestión de servizos públicos é aquel en cuxa virtude unha Administración Pública encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración encomendante.

Para definir o concepto de contrato de xestión de servizos publico debe terse en conta que debe ser unívoco en todo os países da Unión. Para ese efecto a Directiva 2004/18 (LCEur 2004, 1837) de contratos públicos define como «concesión de servizos» é un contrato que presente as mesmas características que o contrato público de servizos, coa excepción de que a contrapartida da prestación de servizos consista, ou ben unicamente no dereito a explotar o servizo, ou ben no devandito dereito acompañado dun prezo.

Para concretar esta definición débese atender ao disposto na Comunicación Interpretativa da Comisión de 12 de abril de 2000, sobre as concesións no Dereito comunitario e a xurisprudencia do TJCE. Para ese efecto convén lembrar que a STJCE de 7 de decembro de 2000 (TJCE 2000, 321) afirma que cabe deducir á existencia dunha concesión de servizos cando a contraprestación que a primeira empresa ofrece á segunda consiste en que esta última obtén o dereito de explotar a súa propia prestación, para conseguir así unha retribución.

En efecto, tal como sucede coas concesións de obras, o criterio de explotación constitúe unha característica esencial para determinar se se trata dunha concesión de servizos. E así o puxo de



relevo a Sentenza TJCE de 10 de novembro de 1998 (BFI HOLDING) (TJCE 1998, 268) , na que se descarta a cualificación de concesión de servizos, visto que a remuneración percibida consistía unicamente nun prezo pago pola autoridade pública e non nun dereito de explotar o servizo.

En virtude deste criterio, como primeiro requisito, existe concesión cando o operador asume o risco do servizo en cuestión (establecemento do servizo e explotación do mesmo), cobrando unha parte significativa da súa remuneración ao usuario, en particular mediante a percepción de tarifas, en calquera das súas formas. O modo de remuneración do operador é, como na concesión de obras, un elemento que permite determinar a asunción do risco de explotación.

A noción xeral do contrato de xestión de servizos públicos contense no art. 8 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007, de Contratos do Sector Público, -en adiante LCSP- mediante tal contrato as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público.

Ao definir este tipo contractual como aquel por cuxa virtude unha Administración Pública encomenda a unha persoa natural ou xurídica, a xestión dun servizo, en realidade, máis que dun tipo contractual, está a referirse a distintos supostos de xestión indirecta, á vez que introduce como novidade a posibilidade de contratar e encomendar a prestación de servizos a particulares e non só a empresas.

Segundo sinalou practicamente toda a doutrina baixo a rúbrica común do contrato de xestión de servizos públicos encóbrese unha pluralidade diversa de técnicas contractuais. «O que a rúbrica expresa, máis que un tipo contractual definido, é unha simple técnica de xestión de servizos, a xestión chamada indirecta ou por medio de empresas, por oposición á xestión directa».

O obxecto deste contrato é, segundo indícase no art. 8 transcrito, a xestión dun servizo público, aínda que non se define o que se entende por servizo público. Doutra parte o art. 251. LCSP establece que a Administración poderá xestionar indirectamente mediante contrato, os que tenden á consecución dos fins sinalados como da competencia da entidade pública.



En todo caso pódese adiantar que son notas esenciais do contrato de xestión de servizos públicos que se refire a actividades de carácter prestacional, pero exige o seu «publicatio» (que a súa xestión sexa responsabilidade da Administración, que pode xestionalo en libre concorrencia).

Non debe esquecerse tampouco as notas de continuidade e regularidade do servizo público, aceptado unanimemente pola doutrina e xurisprudencia (SSTS 30 de xaneiro de 1987 [RJ 1987, 2034] ; 18 oct. de 1994 [RJ 1994, 7523]), chegando a afirmarse que «constitúe a propia esencia do servizo público».

O art. 85.1 de Lei Reguladora das Bases do Réxime Local de 2 de abril de 1985 –en adiante LBRL- di que «son servizos públicos locais os que prestan as Entidades Locais no ámbito da súa competencia» (redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro. A Disposición Final Primeira da LCSP modificou o apartado 2 do art. 85 da LBRL ao obxecto de equiparar as formas de xestión indirecta aplicables a todas as Administracións Públicas, por remisión á lexislación básica estatal.

O art. 251.1 LCSP emprega a locución de servizo público en sentido amplo (os que tenden á consecución dos fins sinalados como da competencia da entidade pública), tanto porque tal era a tradición lexislativa en materia de contratos públicos, a cal non foi obxecto de rectificación explícita como porque cando o lexislador quere empregar a citada expresión na súa acepción restrinxida (formalmente declarados por unha norma con rango de lei), indícao expresamente, ao obxecto de evitar calquera dúbida respecto diso.

Nestes casos, requírese que o Municipio «decida a súa xestión pública, a súa \"publicatio\" e esta decisión municipal leva a cabo en virtude da autonomía do Municipio para declarar como servizo público municipal unha determinada actividade que cumpra os requisitos legais para poder considerarse como tal servizo público».

A STS 23-05-1997 (RJ 1997, 4065) conclúe que «poden considerarse servizos públicos locais os que os Entes Locais declaren como tales, sempre que cumpran os requisitos do artigo 85 LBRL, aínda que non poidan considerarse de titularidade local» .



Dada esta vinculación dos servizos públicos cos fins da competencia municipal, debe terse en conta, a ampla interpretación realizada tanto polo TS como pola doutrina científica, en base á autonomía municipal:

a) A STS 10-02-1996, (RJ 1996, 1113).

b) A STS 21-05-1997, (RJ 1997, 5941).

Achámonos, ante unha forma de xestión indirecta de servizos públicos (art. 251.1 LCSP), quedando excluída a xestión dos servizos públicos por xestión directa.

Respecto dos entes instrumentais, o art. 8.2 LCSP, dispón que non serán aplicables as disposicións deste título aos supostos en que a xestión do servizo público efectúese mediante a creación de entidades de dereito público destinadas a este fin nin a aqueles en que a mesma se atribúa a unha sociedade de dereito privado en cuxo capital sexa exclusiva a participación da Administración ou dun ente público da mesma .

Segundo quedou exposto, a noción de servizo público que resulta do LCSP emprégase en sentido amplo e comprende todos aqueles que tendan á consecución dos fins sinalados como competencia da Entidade Pública correspondente, o que nos obriga a puntualizar.

Para que un servizo público poida ser xestionado indirectamente mediante contratación deben concorrer tres requisitos, que expresamente se refiren no art. 251.1.2 da LCSP :

- A Administración contratante ha de ser competente para xestionar o servizo de que se trate.
- Ha de ter contido económico que o faga susceptible de explotación polos empresarios individuais (a referencia ao contido económico foi suprimida no novo artigo 251.1, aínda que debe considerarse implícita).
- Que non implique exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos.



Os anteriores requisitos lévannos a desenvolver os conceptos de competencia e «publicatio»; contido económico e que non impliquen exercicio de autoridade.

O art. 251.1 da LCSP dispón que: «A Administración poderá xestionar indirectamente mediante contrato, os servizos da súa competencia...» e no mesmo sentido no ámbito local, o art. 85.1 LBRL: «son servizos públicos locais os que prestan as Entidades Locais no ámbito da súa competencia» (redacción dada pola Lei 57/2003).

No ámbito municipal, existiu sempre, unha distinción máis clara entre os servizos de titularidade municipal e os servizos públicos municipais. Como di a STS 23-05-1997 (RJ 1997, 4065) : «no ámbito local, existe unha noción de servizo público vinculada á idea de competencia en sintonía co reiterado artigo 85 LBRL, que consideran servizos públicos a cuantos tenden á consecución dos fins sinalados como da competencia das entidades locais. Este concepto atende non tanto á idea de titularidade como á de competencia , de maneira que a cualificación dunha determinada actividade prestacional como de servizo público local non converte ao correspondente ente local en titular da devandita actividade, nin exclúe unha eventual prestación a iniciativa doutras Administracións públicas ou a iniciativa dos particulares.

Así, cabe distinguir entre servizos de titularidade municipal e servizos públicos municipais caracterizados; pola declaración formal ou «publicatio», a natureza prestacional, a necesidade de utilizar un procedemento ou forma de xestión de Dereito público e polo criterio teleolóxico de servir a fins sinalados como da competencia das Entidades Locais.

Desta maneira, poden considerarse servizos públicos locais os que os Entes Locais declaren como tales, sempre que cumpran os requisitos do artigo 85 LBRL, aínda que non poidan considerarse de titularidade local».

A «publicatio» implica por tanto unicamente que se declare que estamos ante un servizo público , xa que non toda actividade é un servizo público: hai actividades similares onde unha é servizo público propiamente e outro non.

Acudindo ao exemplo tradicional no ámbito municipal, o transporte: O transporte urbano é servizo público suxeito a concesión e, en cambio o servizo de taxis non é servizo público



propriadamente, senón, como o denomina a doutrina maioritaria, un servizo público virtual ou impropio ou actividade reglamentada, sometido a autorización.

En relación ao contido económico, o contrato de xestión de servizos públicos hase de referir a servizos que teñan un contido económico, que os faga susceptibles de explotación por empresarios particulares, sen que, en ningún caso, poidan prestarse por xestión indirecta os servizos que impliquen exercicio de autoridade, inherente aos poderes públicos (art. 251.1 e 2 LCSP, sen que teña transcendencia a supresión da referencia ao contido económico na dicción do precepto). Posto que xa non é necesario que o servizo público teña carácter económico, con esta nova definición do contrato de xestión de servizos públicos evitárase o recurso ao convenio de colaboración, coas graves patoloxías que iso comportou.

O carácter económico quere dicir que permita obter beneficios económicos coa súa explotación, o que é distinto, segundo sabemos, á iniciativa pública na actividade económica. Hai servizos públicos que implican certa actividade empresarial ou económica (transportes) mentres que a iniciativa pública na actividade económica refírese á actuación empresarial de dación de bens ao mercado por actividades non publicadas e que non entran no ámbito das súas competencias senón da súa capacidade (art. 25.1 LBRL), pode ser calquera actividade que redunde en beneficio dos seus habitantes (art. 96 TR 781/86) mediante expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade (art. 86 LBRL).

A STS 17-06-1998, na que se revisa a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia de 26 de febreiro de 1992, que declarou nula a modificación do art. 3 apartado c) dos estatutos da Sociedade Municipal de Actuacións Urbanísticas (AUMSA) que incluía no seu obxecto social «a edificación e rehabilitación urbana» por considerar que é o suficientemente xenérica para que non poida entenderse que satisfai á función concretizadora.

Doutra parte non cabe contrato de xestión de servizos públicos no caso de que implique exercicio de autoridade (art. 251.2 in fine LCSP, en termos case idénticos art. 85.2 LBRL, art. 193 Lei de Administración Local de Navarra; art. 295 Lei de Administración Local de Galicia; art. 206 Lei de Administración Local de Aragón; art. 207 Lei de Administración Local da Ríoxa).

O informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 2/2006, de 24 de marzo, pronunciouse sobre a posibilidade de xestionar indirectamente un contrato de servizo de



prevención e extinción de incendios, en razón da problemática que suscitaba se se trataba ou non de exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos, concluíndo que podía prestarse do mesmo xeito que ocorre cos servizos de subministración de auga e iluminación pública, limpeza viaria, recollida e tratamento de residuos.

As funcións de autoridade teñen que exercerse directamente e por organización xeral (art. 95 TRRL) sen que caiba por tanto, a xestión indirecta nin a xestión directa por organismo especializado, organismo autónomo ou sociedade mercantil.

As SSTs 29-01-1990 (RJ 1990, 561) , 5-03-1993 (RJ 1993, 1555) e 31-10-1997 (RJ 1997, 7242) , reiteraron a imposibilidade de xestionar indirectamente o servizo de recadación de tributos por tratarse dunha función pública que implica exercicio de autoridade, incluíndo (7242/1997) nela a investigación e inspección de tributos.

O contrato de xestión de servizos públicos, diferénciase do contrato de servizos, como puxo de relevo a doutrina científica e declarado a Xunta Consultiva de Contratación, en informes de 21 de decembro de 1995 e 7 de marzo de 1996, porque no contrato de xestión de servizos públicos un servizo titularidade da Administración trasládase ao contratista que xestiona o servizo para a súa utilización polos particulares; e pola contra no contrato de servizos é o contratista o que presta servizo á Administración e non aos particulares.

En consecuencia, a distinción obedece fundamentalmente ao suxeito destinatario do servizo:

- No de xestión de servizos públicos, o destinatario directo son os usuarios do servizo, a Administración en lugar de prestar o servizo contrata a un terceiro que o presta por ela.

Traducido á práctica local serían contratos de xestión de servizos públicos a limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbanos.

Por este motivo, cando o servizo préstao unha entidade distinta á Administración titular do Servizo, atopámonos ante contratos de Xestión de Servizo Público.

- No contrato de servizos, o destinatario directo é a Administración contratante, normalmente é un medio ou instrumento para a actividade da Administración.

Agora ben, non sempre é tan fácil a distinción, especialmente polo que se refire aos contratos administrativos especiais definidos no art. 19.1.b LCSP como os de obxecto distinto aos



anteriormente expresados (típicos), «pero que teñan natureza administrativa especial por resultar vinculados ao xiro ou tráfico específico da Administración contratante, por satisfacer de forma directa e inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela ou por declaralo así unha lei».

Este criterio, baseado na finalidade do contrato, coincide co mantido polo TS, en moitos casos respecto dos contratos de xestión de servizos públicos (SSTS, de 13-2-1990 [RJ 1990, 1430] ; 27-1-1997 [RJ 1997, 636] , entre outras).

Esta dificultade de delimitación pode comprobarse tanto na doutrina do TS como da Xunta Consultiva de Contratación (JCC), que con frecuencia cualificaron contratos análogos indistintamente, como contratos de xestión de servizos públicos e/ou contratos administrativos especiais. Sirva de exemplo a referencia á explotación de cafetarías, bares e restaurantes en edificios públicos e análogos (SSTS 7-11-1985, de 17-07-1995 [RJ 1995, 5856] , 2-01-1987 [RJ 1987, 1707] , TS 20-11-1996 [RJ 1996, 8225] , JCC no seu informe de 25-09-1964).

En relación ao réxime xurídico, o art. 252 da LCSP dispón que o contrato de xestión de servizos públicos regularase «pola presente lei, salvo o disposto nos arts. 196, apartados 2 a 7, 197, 203 e 205 LCSP».

A relación de preceptos excluídos non é certamente completa, basta lembrar que o art. 262 da LCSP exclúe expresamente a aplicación ao contrato de xestión de servizos públicos as letras e e f do art. 206 .

Os arts. 196 e 197 (relativos á demora do contratista na execución do contrato) non resultan de aplicación pola especial natureza do contrato que nos ocupa e a incompatibilidade cos preceptos sinalados, o que non implica que o incumprimento por parte do contratista non teña as correspondentes consecuencias legais, pero nos termos previstos pola propia lei (Informe JCC 61/96, de 18-12).



O art. 85 LBRL en redacción dada pola Lei 57/2003 dispuxo que as formas indirectas de xestión dos servizos locais sexan só as previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no art. 253 LCSP, o que supón que as modalidades do contrato de xestión de servizos públicos son un *numerus clausus*, á vez que desaparece do ámbito da xestión indirecta dos servizos públicos o arrendamento, cuxa subsistencia como forma de xestión era dubidosa.

A Disposición Final Primeira da LCSP modificou o apartado 2º do artigo 85 da LBRL equiparando as formas de xestión indirecta aplicables a todas as Administracións Públicas, por remisión á lexislación básica estatal sen precisar as formas que podía adoptar esta xestión directa no ámbito local.

A Concesión, defínese no art. 253.a da LCSP a que mediante a concesión o empresario xestiona o servizo ao seu risco e ventura, risco que máis adiante modularemos. A STS de 5 de marzo de 2007 (RJ 2007, 2600) , no seu FJ 3, leva a cabo unha conceptualización e pronunciamento sobre a natureza da concesión nada despreziable.

A Entidade Local pola concesión outorga ou transfire a un particular, por razóns de interese público e baixo certas condicións, as facultades necesarias para a xestión e explotación do servizo público de que se trate, así como no seu caso, a execución das obras e instalacións necesarias para iso, percibindo o concesionario a correspondente remuneración e asumindo o risco económico da empresa, baixo o control da administración concedente, e cuxo otorgamento realízase durante certo tempo, a cuxo termo reverte a esta o servizo cos bens ou elementos materiais afectados ao mesmo.

A nota máis característica da concesión en relación ás outras formas de xestión indirecta é a intensa relación que une ao concesionario coa administración, sendo segundo a doutrina o exemplo paradigmático das relacións especiais de suxección.

En canto ao obxecto da concesión de servizos, pode consistir en (114.2 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –RSCL-0):

- O mero exercicio do servizo público cando non requira obras e instalacións permanentes ou estiveren xa establecidas (concesión pura)
- A construción ou instalación e a subseguinte explotación do servizo (concesión mixta). Neste segundo suposto a tramitación do expediente irá precedido da elaboración e aprobación



administrativa do anteproxecto de explotación e das obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización, sendo aplicables os preceptos establecidos nesta lei para a concesión de obras públicas (art. 117 LCSP).

A relación concesional comprende unha amplitude de dereitos e obrigacións, que incumben, recíproca e paralelamente nuns casos, unilateralmente noutros, tanto ao concesionario como ao concedente.

Respecto aos dereitos do concesionario é esencial o equilibrio económico da concesión, que comprende :

- Dereito á explotación do servizo e a obter a protección necesaria.

A explotación do servizo obxecto da concesión ata que finalice o prazo non é só a obrigación principal do contratista senón tamén o primeiro dereito do mesmo.

A este dereito correspóndese a obrigación da administración concedente de outorgar ao concesionario a protección adecuada para que poida prestar o servizo debidamente (art. 127.2.1 RSCL).

- Dereito a propor melloras

O concesionario pode propor melloras no servizo pero estas han de ser previamente autorizadas pola Corporación (art. 108 in fine TRRL).

- Dereito a utilizar os bens de dominio público necesarios.

Este dereito abarca os bens de dominio público tanto os de servizo público como dos de uso público.

Os bens de dominio público por estar destinados ao servizo público réxense polo RS e supletoriamente polo RB (art. 74.2 Regulamento de Bens das Entidades Locais –RB-), e igualmente as normas do RS son de preferente aplicación cando os bens de uso público sexan só a base necesaria para a prestación dun servizo público (art. 74.3 RB).

- Dereitos económicos. O equilibrio económico da concesión.

Conforme dispón o artigo 129.3 do RSCL «en todo caso, a retribución prevista para o concesionario deberá ser calculada de forma que permita, mediante unha boa e ordenada administración, amortizar durante o prazo da concesión o custo do establecemento do servizo e cubrir os gastos de explotación e unha marxe normal de beneficio industrial». En relación cos supostos nos que procede o reequilibrio económico do contrato, a nova Lei é máis clara e ordenada que a anterior, na que o único suposto que podía dar lugar ao reequilibrio económico era a modificación do contrato por parte da Administración e en razón de motivos



de interese público, agora o art. 258.4 da LCSP impón que deberá restablecerse o equilibrio do contrato en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

- a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características do servizo contratado.
- b) Cando a actuación da Administración determine de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.
- c) Causas de forza maior que determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato, entendendo por forza maior as causas enumeradas no art. 214 da LCSP.

O reequilibrio pode ser tanto a favor da Administración como a favor do particular contratista.

Polo que fai ás medidas dispostas para o restablecemento do equilibrio económico, o art. 258.5 leva a cabo unha relación exemplificativa (que non pechada) por referencia á modificación de tarifas, redución do prazo do contrato, modificación das cláusulas económicas e mesmo prevendo prórrogas do prazo contractual que non excedan do 10 por cento da súa duración inicial, coas seguintes limitacións:

- Só caben en dous supostos: actuacións da Administración que determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato ou que medie causa de forza maior.
- Sen que a prórroga exceda do 10 por cento da súa duración respectando os prazos legalmente previstos.

En efecto, pese ao principio de risco e ventura do contratista (establecido con carácter xeral para os contratos art. 199 LCSP e en concreto respecto da concesión no artigo 253.a LCSP), rexe o principio de equilibrio económico da concesión, debido como sinalou a doutrina e xurisprudencia á necesidade de manter o servizo público e a súa continuidade na prestación, sen que poida interromperse nin sequera por circunstancias sobrevindas.

O equilibrio económico pode alterarse por tres causas fundamentalmente:

- 1- modificacións impostas pola administración
 - 2- factum principis
 - 3- imprevisión ou risco imprevisible
- 1- *Ius variandi*.

Nestes casos trátase dunha decisión da administración directamente dirixida a modificar o obxecto do contrato. Potestade que ostenta a Administración «ex lege» por dispoño o



ordenamento xurídico. Así o art. 127.1 RS establece que a Corporación concedente ostentase «a potestade de ordenar discrecionalmente, como podería dispor se xestionarse directamente o servizo, as modificacións no concedido que aconsellase o interese público».

Exercido o ius variandi a administración debe compensar ao contratista para restablecer o equilibrio económico inicial, se a modificación ten consecuencias económicas como se deriva do artigo 127.2.2 RSCL respecto da concesión e en xeral para o contrato de xestión de servizos públicos o art. 258 LCSP.

A compensación económica ha de ser integral, incluíndose segundo reiterada xurisprudencia tanto o dano emerxente como o lucro cesante. En efecto, con carácter xeral a indemnización debe compensar os custos asumidos polo contratista e o beneficio industrial.

Se a administración pode ordenar modificacións coma se xestionase ela o servizo é lóxico que asuma do mesmo xeito a repercusión económica.

2- Factum principis.

O factum principis supón tamén unha actividade ou decisión da administración pero de carácter xeral e aínda que non directamente sobre o contrato aféctalle ou repercute.

Trátanse de medidas de índole económica, independentes das partes contratantes.

3-A imprevisión ou risco imprevisible.

Nestes casos a maior onerosidad é independente da conduta da administración, debida a feitos imprevisibles no momento de celebrar o contrato.

O RSCL encobre o factus principis e o risco imprevisible na teoría do equilibrio económico da concesión, segundo despréndese do art. 127.2.b e art. 128.3.2 RSCL.

Art. 127.2.b A administración concedente deberá manter o equilibrio económico da concesión para o que:

«Revisará as tarifas e subvención, cando sen mediar modificacións no servizo, circunstancias sobrevindas e imprevisibles determinaren en calquera sentido, a ruptura da economía da conexión» .



Art. 128.3.2 que recoñece como dereito do concesionario «obter compensación económica que manteña o equilibrio económico da concesión nos casos que conorra calquera das circunstancias a que se refiren os números 2º, 3º e 4º do parágrafo segundo do artigo anterior» .

Este sentido amplo, que encadra o *factum principis* e risco imprevisible, é recoñecido polo TS, entre outras pola sentenza de 2 de marzo de 1999 (RJ 1999, 2737) . A xurisprudencia reiterou o seu carácter excepcional, polo que non cabe estenderse a outros supostos como indica a STS 2-03-1999 (RJ 1999, 2737) , e máis recentemente Cataluña 4-10-2004 (JUR 2004, 308469) .

Así mesmo o TS exclúe a concorrencia de imprevisión cando non se demostren suficientemente as circunstancias (SSTS [RJ 1999, 1983] e [RJ 2002, 192]).

En relación a iso, exclúense os gastos de persoal derivados de convenios colectivos de empresa (STS 2-12-1988, [RJ 1988, 9451]) «ou cabe trasladar ao ente titular do servizo público os efectos dun convenio colectivo de empresa pactado polo concesionario se devandito ente público non tendeu intervención na súa xestión. O contrario sería deixar en mans dunha das partes -lémbrese o tenor literal do artigo 1256 do Código Civil- o contido, polo menos nalgunha medida, dunha das obrigacións da outra» (No mesmo sentido a sentenza de 14-05-1994 [RJ 1994, 8503] , onde o TS reitera a doutrina da sentenza exposta).

A STS 14-05-1999 (RJ 1999, 5200), considera que non é acontecemento imprevisible o aumento custos de funcionamento, seguros e persoal segundo convenio, ao ser estes acontecementos normais e perfectamente previsibles no momento de celebrarse o contrato.

Asentado por tanto, que fronte ao principio xeral de que os contratos son a risco e ventura do contratista, na concesión rexe o principio de equilibrio económico, en base á necesidade de continuidade do servizo e principios de boa fe e lealdade nas relacións do concesionario coa administración (STS 2-12-1988 [RJ 1988, 9451]), aínda que debe advertirse que iso non supón que deba recaer integramente na Administración.

Pero non se trata dun seguro gratuito a favor do concesionario que cubra todos os posibles riscos que xere á explotación do servizo.



A obrigación de manter o equilibrio económico obedece a circunstancias imprevisibles e, nestes casos, asúmese por ambas as partes.

En consecuencia, máis que dicir que non xoga o principio de risco e ventura, é que este queda modulado, como precisou a STS 9-10-1987 (RJ 1987, 8326) .

No mesmo sentido, máis recentemente, a STS 14-05-1999 (RJ 1999, 5200) : «..... no que desde logo xoga o principio de risco e ventura, aínda que coas matizacións que impón a necesidade de mantemento do servizo».

Respecto da revisión de prezos establecida nos pregos, a STS 12-02-1998 (RJ 1999, 1208) declarou a necesidade de que concorran as circunstancias previstas no mesmo, negando aquí o dereito á revisión (por non cumprirse neste caso a alteración dos salarios e/ou preciso oficiais do combustible fose superior ao 10 por 100).

Cando finaliza o prazo contractual procede a reversión dos bens afectados ao servizo á administración (art. 259.1 LCSP e 131 RSCL).

O artigo 115 do RSCL ao facer referencia ás obras e instalacións que han de reverter e as que non, produciu certa confusión respecto ao alcance da reversión.

O TS en sentenza de 24 de novembro de 1987 (RJ 1987, 9305) á mantenta dunha concesión administrativa polo servizo de recollida e depósito de vehículos estacionados na vía pública declarou a procedencia da reversión dos «bens afectos e imprescindibles para o servizo non determinados expresamente nas cláusulas do contrato».

A reversión dos bens procede en base á necesidade de continuación do servizo por iso é polo que a retribución do concesionario deba ser calculada de modo que permita a súa amortización (STS 29-05-2000 [RJ 2000, 5492])

Se non se previu nada nos pregos como sinala a STS 29-05-2000, debe rexer o principio de cesión gratuíta á Administración das instalacións necesarias para a continuación do servizo.

Os achegados polo concesionario que non sexan necesarios en principio non reverterán na administración.

Á vista diso, a Corporación poderá ordenar as reparacións e reposicións necesarias e, en caso de desobediencia reiterada ou mala fe na reparación das obras, a Corporación pode dispor o secuestro da empresa (131.2.2ª RSCL).

O Prego da Cláusulas Administrativas particulares constitué un elemento absolutamente esencial dos contratos administrativos. O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares



conten, a contractus lex, como claramente nos dí o artigo 99.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ó sinalar que “...incluirán os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato e as demais mencións requiridas por esta Lei e as súas normas de desenrolo.”. É en definitiva, o contrato mesmo, segundo a clarísima regra do artigo 1.091 do Código Civil: “Las obligaciones que nacen de los contratos tienen fuerza de ley entre las partes contratantes, y deben cumplirse al tenor de los mismos”.

No noso Dereito de contratos públicos, a vinculatoriedade do Prego de Cláusulas Particulares como contractus lex ó abrigo da liberdade de pactos do artigo 1255 do Código Civil : “Los contratantes pueden establecer los pactos, cláusulas y condiciones que tengan por conveniente, siempre que no sean contrarios a las leyes, a la moral, ni al orden público. Así aparece recollido no artigo 25 da LCSP.

A partir desta caracterización legal recollida xa coa Lei de Contratos de 1965, a xurisprudencia ha repetido reiteradamente que os pregos son a Lei do contrato. Así Sentenza de 25 de xullo de 1989 (Arz. 6111).

EXAME DAS PROPOSTAS

CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

PARTICIPACIÓN DE EMPRESA NON ESPAÑOLA NACIONAL DUN ESTADO MEMBRO DA UNIÓN EUROPEA.

GREEN DAYS.- Green Days, sociedade de responsabilidade limitada co enderezo social en Portugal. Concello de Oliveira de Azemeis, parroquia de César; figura inscrita no Rexistro da Propiedade Mercantil de Oliveira de Azemeis (Portugal) coa inscrición nº. : 2679/19931004.

Ten como obxecto social no que respecto ao obxecto da licitación entre outros a prestación de servizos de limpeza, mantemento de espazos públicos, concepción, execución e mantemento de espazos verdes, xardíns e limpeza de vías de comunicación; recollida selectiva de fraccións de residuos sólidos urbanos, transporte de mercancías por estrada por conta allea, arrendamento, colocación, mantemento, substitución, lavado, desinfección de contenedores e papeleiras e saneamento básico.



Nos termos dos artigos 47, 51, 55 e 61 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público -LCSP-, referente a capacidade e solvencia do empresario de empresas comunitarias "aptitude para contratar co sector público" ao estar habilitada para realizar a prestación obxecto de licitación no seu país de orixe, como empresa non española dun Estado membro da Unión Europea ten capacidade para participar na persente licitación. Dado que estáse en presenza dunha empresa non española membro dun Estado membro da Unión Europea está exenta da clasificación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas particulares, sen prexuízo da obriga de acreditar a súa solvencia.

Examinada a documentación, xustifica a solvencia mediante declaración do BANCO BPI, S.A. Sociedade Aberta de Oporto, cunha declaración de idoneidade comercial e capacidade financeira suficiente; presentación dun informe de xestión e relatorio de xestión dos exercicios 2008-2007 e 2006 con certificación legal de contas realizado por unha Auditora de Contas; volume global de negocios dos anos 2006, 2007 e 2008. Tamén aporta a relación dos principais servizos ou traballos realizaos nos últimos tres anos e relación do persoal técnico.

Se ben fai unha proposta de maquinaria, material e equipo técnico que adscribirá á execución dos traballos, o cal será de nova adquisición desde a sinatura da acta da prestación do servizo, non o aporta en relación ao día de hoxe.

Nos termos do art. 61 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público "Capacidade de obrar", xustificou a capacidade de obrar como empresario non español nacional dun Estado membro da Unión Europea mediante declaración con recoñecemento de sinatura perante notario Portugues de 11/06/2010, que conforme a lexislación portuguesa a empresa DIAS VERDES, está en posesión da clasificación equivalente á española GRUPO R, SUBGRUPO 5, CATEGORÍA B.

CELTA PRIX, S.L. : Presenta xustificación da clasificación esixida : Grupo : R, Subgrupo 5, Categoría : B.

ASCAM EMPRESA CONSTRUCTORA Y DE GESTIÓN, S.A. : Presenta xustificación da clasificación esixida : Grupo : R, Subgrupo 5, Categoría : B.

Nos termos do art. 51 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público a posesión da clasificación esixida ademais de requisito sine quanon para licitar implica a posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica determinadas polo prego de cláusulas administrativas particulares.

OFERTA ECONÓMICA : Prezo total licitación : 210.000,00 €. (195.300,00 €. Presuposto base, e 14.700,00 €. IVE).



- **CELTA PRIX, S.L.** : 209.163,88 €. (IVE engadido), o que supón unha baixa de 836,12 €.
- **ASCAM EMPRESA CONSTRUCTORA Y DE GESTIÓN, S.A.** : 199.931,88 €. (IVE engadido), o que supón unha baixa de 10.068,12 €.
- **DÍAS VERDES** : 204.765,77 €. (IVE engadido), o que supón unha baixa de 5.234,23 €.

Nos termos dos artigos 136 da Lei 30/2007 LCSP e 85 do R.D. 1098/2001 RGLCAP non hai baixa temeraria.

B) Referencias a plan de prestación do servizo, maquinaria, medios técnicos e humanos, plan de calidade e medio ambiente certificados e melloras:

PROPOSTA DE DÍAS VERDES

A proposta de DÍAS VERDES presenta un programa de recollida e transporte de bolsa negra abarcando tanto o núcleo urbano de Ares como as parroquias rurais no que aporta unha táboa da distribución pobacional no Concelo no ano 2009 (nomenclator INE) estimando un crecemento medio anual do 2,02% e tomando como referencia para o cálculo dos medios necesarios o ano 8 (6.657 habts.), crecemento optimista á vista da evolución demográfica negativa en Galicia e no Estado español consecuencia do progresivo envellecemento da poboación sen relevo xeracional.

Para Bolsa negra fai un cálculo de Tm/día a recoller en Ares-Redes e na zona rural para o período do 16/09 ao 14/06, facendo un incremento para o período estival (do 15-6 ao 15/09) dun 25%, presumiblemente inferior ao incremento real de Ares como municipio turístico e de segunda residencia.

Presenta un proxecto de contenerización moi detallado. Asigna un camión de 15 m3.

Respecto aos equipos a asignar, na documentación referente á proposición económica e documentación técnica presenta un proxecto de contenerización con 304 contenedores de 800 L., 8 contenedores de 1.100 L. e 61 cubos.

A proposta cumpre coa periodicidade de recollida esixida no prego de cláusulas administrativas.

Para recollida e transporte de envases lixeiros asigna un camión de 10 m3. e un proxecto de contenerización de 6 contenedores de 1.100 L., 113 contenedores de 800 L. e 4 cubos.

Si sumamos os contenedores previstos nos proxectos de contenerización de bolsa negra e envases lixeiros, superan os previstos na documentación administrativa que se porán a disposición dos servizos e serán de nova adquisición.



Como mellora propón :

- Recollida selectiva de pilas.
- Recollida selectiva de aceites domésticos.

Presenta un programa de mantemento, conservación, limpeza e desinfección de colectores.

Fará unha recollida mensual de enseres domésticos.

Respecto á limpeza viaria, presenta un proxecto que cumpre o Prego de cláusulas administrativas engadindo pipicans, comprendendo barrido manual e mecánica cun barrido de repaso e mantemento con especificación dos medios materiais a utilizar.

Tamén cumpre co limpeza de rúas ou prazas onde se celebren feiras ou mercadillos, e arenais.

Sinala que terá medios preparados para actuacións de emerxencia (derrame de substancias ou preparados perigosos), se ben non concreta cales serán os medios a utilizar.

Oferta unha serie de melloras que se describen na proposición económica e documentación técnica ta(folla 481).

Está en posesión das Normas de Sistemas de Xestión de Calidade ISO 9001:2008.

Significar que non aporta póliza de responsabilidade civil nin compromiso de formalizala nos termos esixidos na cláusula décimoquinta, letra A) do prego de cláusulas administrativas particulares (1.500.000,00 € sinistro e 250.000,00 €. Por persoa).

PROPOSTA DE ASCAN S.A.

Presenta unha vez realizado un estudo de campo sobre a distribución de contenedores de RSU e de envases por lugares, concluíndo que a ratio é satisfactoria. Estima que o 85% dos contenedores está en boas condicións, mentras que unha porcentaxe pequena (entre 15 e 20) con desperfectos subsanables, e un 10% en bo estado con pintadas e suciedade que desmerecían o recepente e non ofrecían unha boa imaxe, comprobando a necesidade de cambio en 8 ou 10 ubicacións. Incorporan no Tomo 2, planos da documentación do sobre B), proposición económica e documentación técnica unha descripción dos servizos de limpeza viaria e de recollida moi pormenorizada

Se ben o dato da poboación manexada é lixeiramente inferior á oficial do Concello, estima un incremento para o período do 15 de xuño ao 15 de setembro do triple da poboación, cifra máis axeitada dado o carácter de municipio costeiro e de segunda residencia, prevendo un reforzo



cun camión compactador de 16 m3 os domingos e festivos, sendo por conseguinte a frecuencia diaria.

Caso de ser adxudicataria ASCAN, repoñerá inmediatamente tódolos contenedores con desperfectos non subsanables. Estas consideradas por ASCAN como melloras sen coste.

Respecto á bolsa negra e envases lixeiros, a proposta cumpre a prego de cláusulas administrativas particulares, destacando que adscribiráse 1 camión compactador de 16 m3 e 1 camión grua pluma (contenedores soterrados). Respecto á recollida de enseres domésticos levaráse cun camión de caixa aberta con grua nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas.

Prevé unha limpeza dos contenedores mediante un camión lavacontenedores CT con carácter bimensual no período comprendido entre o 16 de setembro ao 14 de xuño, e mensual entre o 15 de xuño ao 15 de setembro. Tamén levará a cabo un servizo de mantemento dos contenedores cun furgón, ferramentas e repostos cunha periodicidade semanal.

Cumpre coas determinacións da limpeza viaria, con barrido mecanizado no núcleo de Ares e manual no resto, ofrecendo como mellora un reforzo para a limpeza de praias. Ofrece tamén un servizo sen coste de limpeza de pintadas.

Destaca o compromiso de subrogar ao personal e a utilizar man de obra local. No apartado 6.1 do Tomo 1, memoria do servizo relaciona a maquinaria ofertada para o servizo.

ASCAM xustifica a posesión dos certificados ISO 9001:2000, ISO 14001:2004.

Cumpre significar que non aporta póliza de responsabilidade civil nin compromiso de formalizala nos termos esixidos na cláusula décimoquinta, letra A) do prego de cláusulas administrativas particulares (1.500.000,00 €. sinistro e 250.000,00 €. por persoa).

PROPOSTA DE CELTA PRIX

Celta prix fai un estudio do ámbito territorial do servizo, coas pirámides de poboación e análise da composición dos residuos sólidos urbanos, no que se observa o incremento en RSU a casi o dobre no período estival. Igualmente fai un análise respecto dos envases lixeiros e enseres voluminosos, destacando a adscripción dun camión de carga traseira con caixa de 21 m3 con tres exes para a bolsa negra e dun vehículo Nissan de 16 M3 para a recollida de envases lixeiros.

Na memoria se expón que o vehículo destinado para a bolsa negra, sería un vehículo (Renault Premiun 340.26 6x2 munic. Euro 5) vai equipado co sistema de control "Smartpack" que reduce nun 20% as emisións sonoras (75 db.) pois hai que ter en conta o horario de recollida con comezo ás 6,00 horas.



Partindo dos actuais 411 contenedores (309 de 800 l., 91 de 360/240 L., e 11 de 1.100 L.), aportaría a maiores 50 contenedores verdes de 800 L. e 90 contenedores de 800 L. destinados á recollida selectiva de envase lixeiros.

Prevé levar a cabo un servizo de lavado e desinfección de contenedores tanpo para bolsa negra como bolsa amarela, con dous períodos en relación á frecuencia : tempada alta (15 xuño ao 15 setembro) –mensual-, e tempada baixa (resto do ano) –bimensual-.

A proposta cumpre as prescricións do prego de cláusulas administrativas particulares.

Respecto á limpeza viaria e de praias, prevén respecto da limpeza viaria o barrido manual individual (manual individual e manual motorizado) e barrido mecánico con baldeo mecánico, cumprindo as prescricións do prego de cláusulas administrativas,

Na limpeza viaria propoñen 3 equipos compostos dun operario cun carro portacubos para cada unha das zonas (Ares-Redes-Chanteiro) no barrido manual individual, e no barrido mecánico 1 conductor e unha barredora de calzadas de aspiración en turno de mañá no núcleo de Ares, ademais dos días de festas, feirón, patróns, alfombras florais, etc., que serían 2 equipos de traballo compostos dun peón e 1 carrito portacubos.

A maiores ofrece un barrido de repaso e baldeo mecánico mediante auga a presión de viales. Beirarrúas, paseos, explanadas etc. Cun equipo dun conductor e unha baldeadora de alta presión de 8m³.

Na limpeza de praias, habería un equipo de 3 peóns, cumprindo as prescricións do prego de cláusulas administrativas.

Celta prix tamén lavaría a cabo a prestación da bolsa amarela, recollida de enseres e voluminosos, servizo de lavacontenedores.

Fai unha relación e descrición mui exhaustiva dos equipos destinados ao servizo.

No aspecto de melloras do servizo, recolle o camión compactador de 21 M³ e dunha máquina barredora, pero dita proposta non pode ser considerada como unha mellora, senon como medios que adscribirá ao servizo e que serán obxecto de valoración con arreglo aos criterios do prego de cláusulas administrativas.

Sí engade a maiores 10 contenedores de 400 L. para aceites como servizo gratuito.

Celta prix, efectúa un estudo financeiro da oferta técnica, concluíndo que o coste do servizo-proxecto sería de 209.163,88 €, que coincide coa oferta da mesma.

Está en posesión das certificacións ISO 9001:2000 e ISO 14001:2004.



Finalmente sinalar que ao igual que as demais proposicións, non aporta póliza de responsabilidade civil nin compromiso de formalizala nos termos esixidos na cláusula décimoquinta, letra A) do ptreco de cláusulas administrativas particulares (1.500.000,00 €. sinistro e 250.000,00 €. por persoa).”

Interven o SR. Alcalde: En Ares temos unha empresa de recollida do lixo que ten unha adxudicación desde hai tempo que é Celta-Prix, pero a concesión caducou polo transcurso do tempo, en consecuencia levamos casi un ano e pico cunha prorroga, e dicir a empresa sigue a facer o servizo pero por prorroga, porque se prorroga efectivamente pero non hai nova concesión, entónce había necesidade de volver a sacar unha nova concesión, e nesa concesión incorporamos novidades, a empresa de limpeza xa non so se vai a adicar a recollida dos residuos solidos urbanos, senón que tamen vai a incorporar a limpeza viaria, temos pouco persoal na Nave, temos unha situación deficitaria do persoal de obras e servizos, e as veces hai moito traballo que facer na rúa e non temos persoal suficiente, ó adxudicarlle á empresa de limpeza tamén a limpeza viaria, nos vai a liberar persoal da Nave porque si o limpado das rúas xa o fai a empresa adxudicataria do servizo de recollida do lixo, todo o persoal da nave podese adicar a reparar beirarúas, a facer obras, a pintar pasos de peóns, a facer efectivamente todas as accións que nos reclaman os veciños, e que moitas veces facemos con retraso, loxicamente por falla de persoal. Convocada a Mesa de Contratación correspondente, para adxudicar o servizo de maneira provisional neste Pleno, os técnicos presentan un informe e hai tres empresas que se presentaron e a puntuación é a seguinte: Greendays Group 88,9 puntos, ASCAN Empresa constructora e de xestión 85 puntos, e CELTA PRIX S.L 91,26 puntos, polo tanto a Mesa de Contratación tras deliberación decide por unanimidade elevar o pleno a adxudicación do Concurso de Recollida e tratamento de residuos solidos urbanos a favor da Empresa CELTA PRIX S.L. por ser a que mellor puntuación obtivo conforme á valoración realizada polos servizos técnicos deste Concello, é unha valoración puramente técnica que ten en conta efectivamente as ofertas, e en consecuencia un técnico a eleva a Mesa de Contratación e esta a eleva a Pleno.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro non adscrito Sr. Echevarría Lage, quen manfiesta que el nada máis que ratificarse na conclusión que chegamos o pasado día 24 na Mesa de Contratación tendo en conta os informes técnicos.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán, eu simplemente dicir que estivemos sempre de acordo en ampliar este tipo de servizos, a dúbida que tiñamos o principio era o coste económico de que por o valor que ía sair se podía facer o traballo que pretendíamos simplemente esperar que a empresa adxudicataria cumpra co pactado, e con respecto ó proceso de contratación, dicir que a empresa que saleu foi con 91 puntos, cumprimento extricto do informe dos Técnicos e creo que neste punto non hai que dicir simplemente acátalo lévalo a Pleno e adxudicalo. Esperar que a empresa faga un bo servizo, o servizo que viña prestando é bastante aceptable, me imaxino que a ampliación do mesmo o fara de



idéntica maneira, e se non o fai así que se tomen cartas no asunto, esperemos que de un bo servizo e este servizo se privatizou no seu momento, e un servizo que agradecemos os cidadáns, e polo menos se non o agradecen non da problemas, eso é o que nos debe de interesar a nos, polo tanto eu creo que é unha boa fórmula a adxudicación deste servizo, meu voto vai a ser favorable.

Inteven o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Dicer que cando se tomou a decisión de privatizar este servizo e algún máis, creo que as Administracións teñen que privatizar servizos porque non están para pelexar coa xente, e esta claro que están xestionados certos servizos moito mellor pola empresa privada que pola administración. Neste caso o tema que nos levou a privatizar o servizo era complicado, porque había que darlle dous meses ó conductor, dous meses e pico a xente de vacacións xuntos, era un proceso bastante complicado a parte da contía económica, estabas condicionado polos traballadores, porque tiñas que darlles as vacacións, os días de asuntos propios, todo o que tiña dereito dalo xunto para que o servizo funcionara, creo que o servizo durane os anos que estivo non nos deu a lata, proba evidente que en casi todos os Concellos hai problemas coa recollida do lixo, hoxe mesmo anunciaban os medios de comunicación que o día da folga nas cidades de Galicia estaba o servizo parado, e como da outra vez a empresa adxudicataria foi a máis económica, esta é a situación e nos lle vamos a dar o apoio.

O Sr. Alcalde, manifesta que o custo anterior do servizo eran 170.000 euros anuais, e era a recollida do lixo, e agora incorporando a limpeza viaria, a limpeza de todas as rúas e un servizo de vaciado de papeleiras nas praias na época de verán subiu a 209.000 euros, e dicer que por trinta e pico mil euros máis agora nos van limpar todo o pobo, e tamen hai un servizo que tamen se presta ás praias en verán, o cal como dicer o Sr. Luis Cendán é un bo precio para todos os servizos que a partir de agora se van a ofrecer.

Rematado o debate:

1º.- Visto que mediante acordo plenario de 25 de febreiro de 2010 aprobouse o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, transporte a ecoplanta e limpeza viaria do Concello de Ares mediante a modalidade de concesión, por concurso, oferta economicamente máis vantaxosa, aplicando varios criterios de adxudicación, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo, convocando a súa licitación.

Visto que con data 10 de maio do 2010 publicouse anuncio de licitación no Diario Oficial de Galicia e con data 4 de maio do 2010 no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de contratante do órgano de contratación, a fin de que os interesados



puidesen presentar as solicitudes de participación durante o prazo de quince días contados desde a publicación do anuncio do contrato.

Visto que durante a licitación presentáronse as solicitudes de participación que constan no expediente.

Visto que con data 10 de xuño do 2010 constituíuse a Mesa de contratación, e unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, acordouse conceder un prazo de tres días a DIAS VERDES para que subsanase a documentación referente a "acreditación da clasificación o no seu caso, completar a solvencia económica financeira e técnica".

Visto que durante o prazo de quince días desde a data da última publicación, presentáronse as proposicións que constan no expediente.

Visto que a Mesa de Contratación á vista das proposicións presentadas e unha vez ponderados os criterios e tras a recepción do informe de valoración técnica, realizou con data 24 de xaneiro do 2011 proposta de adxudicación a favor de CELTA PRIX examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

O Pleno do Concello por UNANIMIDADE, o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Cproración, acorda en votación ordinaria :

PRIMEIRO. Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de xestión de servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos, transporte a ecoplanta e limpeza viaria no Concello de Ares mediante a modalidade de concesión á empresa CELTA PRIX motivado en que é a empresa que



acadou a maior puntuación, sendo a empresa que presenta o mellor plan de prestación do servizo e a mellor relación de maquinaria, medios técnicos e humanos, polo importe de 209.163,88 €. Anuais, IVE ingadido.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a CELTA PRIX, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de Contratante.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO 6º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta as Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril. O Concello Pleno dase por enterado.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 7º.- MOCIONS E PROPOSTAS.



A) MOCIÓN DO P.P. “CONTRA DA RETIRADA DA AXUDA DE 426 EUROS AOS PARADOS DE LONGA DURACION.

Dase conta da Moción do Partido Popular Contra a retirada da axuda de 426 euros aos parados de Longa Duración do seguinte teor literal:

“Recentemente o Goberno socialista anunciou a supresión da axuda de 426 Euros destinados a parados de longa duración (Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción).

Este recorte supón, en última instancia que o colectivo máis vulnerable da cidadanía é o que vai a pagar en primeira persoa a improvisación e incapacidade dun Goberno sen rumbo nin planificación.

O Goberno socialista xustifica este recorte na necesidade de aliviar o gasto público; sen embargo, a política de despilfarro que levou a cabo nestes últimos anos o goberno do Sr. Zapatero obríganos a pagar agora uns intereses pola débeda moi superiores ao custe total do Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción (PRODI).

Asimesmo, a supresión desta axuda supón retirar o seu único ingreso a moitas familias que contan unicamente con esa renda de subsistencia para manterse e sobrevivir. Ademais o momento que se escolle é o máis inoportuno, xa que o número de persoas que necesitan desta axuda crece exponencialmente.

Retirar esta medida vai facer que máis de 600.000 persoas en España se vexan nunha situación límite e loxicamente veranse obrigados a pedir axudas ós concellos, que tamén se encontran nunha situación de penuria económica.

Por todo isto, o Grupo municipal popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a manter o Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 euros mensuais, para os desempregados que agotasen todas súas prestacións”.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Non vou a ser extenso no debate nin na exposición, deixar claro que recentemente se anuncio polo Goberno a retirada dos 426 euros os parados de larga duración, dicir que estamos nunha situación bastante difícil, que nos últimos seis anos o paro se incrementou en dous millóns de persoas, que a novembro de 2010 estamos na cifra de 4.200.000 parados, e deixar claro que hai casi 1.300.000 persoas, que non ingresan, que todos os membros da unidade familiar están no paro, que hai 781.000 hogares que non entra nin un euro en casa, eu creo temos que velar, que esa axuda que é insignificante son 426 euros, polo menos que se manteña, porque si non vamos a estar nunha situación lamentable, tanto as Administracións Locais, como pode ser a delincuencia, porque a xente ten que comer, e o día a día, e se non entra un euro en casa,



esto é primordial e que esas contías hai que seguir mantendoas, por eso presentamos esta Moción ó Pleno cun punto solamente que di:

Instar ao Goberno de España a manter o Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 euros mensuais, para os desempregados que agotasen todas súas prestacións”.

Creo que isto o debemos priorizar e os recortes, pero hai recortes que non se poden facer e este creo que por humanidade hai que seguir mantendo este salario de 426 euros, porque aparte de que é un estado lamentable e crítico para as familias, o incremento da delincuencia e a situación familiar que nos van a crear nos concellos e nos departamentos de Servicios Sociais, temos que loitar porque isto siga mantendose, solicitamos do Pleno que apoie esta Moción e mandarlle o goberno de España para que manteña esta axuda.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Eu simplemente dicir que estamos de acordo na Moción aínda que os acordos aínda que os acontecementos que se están dando van neste sentido, pero si dicir que estamos nunha situación difícil, que o tema do goberno esta nunha encrucixada agora tamen máis que difícil pola situación económica, e a presión que externa que ten, todas as medidas que sexan retirar en sí se califica por si solo, todo recorte dunha prestación destas características eu creo que é unha mala noticia sobre todo na situación conxuntural que estamos atravesando, eu creo que xa o mesmo goberno deuse conta de que isto non o podía deixar así desamparado, eu non o escoitei ben, non teño máis datos que os que se me dan pola prensa, que o goberno parece ser que agora quere aplicar unha axuda de trescentos non sei cantos euros, imaxino que será para tratar de paliar dalgunha maneira este tipo de axuda que se viña prestando, e por outra banda a Xunta tamén a través dos cursos de formación tamén á xente que está así sin cobrar ningún tipo de prestación tamén vai a darlle unha axuda, eu sei que o momento económico das Administracións é moi difícil, creo que todos os esforzos que se fagan neste sentido de cubrir e dar cobertura a todas estas familias que están atravesando esta situación penso que é positivo, pero bueno tamen hai que marcar unha situación de crise, e eu creo que todo o que se faga presionar a calquer tipo de administración do color que sexa, porque fagan o esforzó necesario para que estas proteccións as familias non se quiten polo menos a corto prazo, eu creo que é positivo, polo tanto o noso voto vai a ser favorable á Moción.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que evidente a posición sobre esta Moción pois é moi complicada, hai unha situación complicada desde hai loxicamente algún tempo nun escenario de crise mundial, e en consecuencia esta claro que as medidas en materia de política económica se consensuas loxicamente na zona euro, porque está claro que os ataques á zona euro, profundizan loxicamente prolongando o que sería efectivamente unha saída da crise que se esta manifestando moito máis difícil do que parecía polos ataques financeiros loxicamente a unha moeda única, que cando ten que reaccionar de maneira rápida a esa situación, pois resulta que por nosa conformación política europea, ten que reunir a todos os xefes de



Estado, e tomar decisións doce días despois de que efectivamente xurde o follón, co que padecemos o follón doce días, porque Estados Unidos é un Estado Federal pero ten un Presidente, lle atacan ó dólar e ó día seguinte a Reserva Federal toma unha decisión para compensar; en Europa atacan o euro e teñen que sentarse todos para dicir como fan fronte, e por suposto escoitar fundamentalmente a Merkel e a Sarkozy que sonos que loxicamente teñen o peso e non olvidemos que son gobernos de dereitas, e que en consecuencia o recorte do gasto ten eco nun portavoz da oposición, igual que o Alcalde Presidente do Concello de Madrid, que por un lado efectivamente pide recorte do gasto, e por outro lado lle pide a Zapatero que a Madrid o siga deixando endeudarse. Como lle dixo Zapatero, ti tes un problema por un lado teu partido di que non gastemos máis e ti queres gastar máis, pois fala co teu partido e que efectivamente se poñan de acordo, entón agora temos un partido que di que Zapatero despilfarra pero que lle di que ten que gastar máis, e evidentemente esta medida do programa temporal de protección polo desemprego non o creou o Partido Popular, isto foi unha medida que creou o Partido Socialista para loxicamente capear dalgunha maneira a situación de crise, e efectivamente a creou o Partido Socialista porque cree nas políticas sociais, pero esta claro que a situación agora neste momentos implica aplicar uns recortes que loxicamente descompensan esta situación, por suposto que eu quixera e meus compañeiros tamén que se mantivera esta axuda dos 426 euros, pero cando se fixo un chamamento por parte do Goberno a que se compartirá a carga coas comunidades Autonomas Beatriz Mato saleu onte nos xornais dicindo que ela non pon un peso, entón se o goberno mantén trescentos euros como dí o Sr. Luis Cendán a todos os parados que fagan cursos de formación a Xunta so tería que poñer cento vinteseis, pero onte Beatriz Mato xa adiantou que eles non poñían un peso, desexando que a axuda se manteña e por suposto ogallo fora posible non podemos votar esta Moción por vir de quen ven, por vir de quen quere utilizala como utilizou os grandes problemas de España porque quixeron conseguir votos falando de terrorismo, agora queren conseguir votos falando das situacións tristísimas que ten que padecer a xente, e se trata efectivamente de gañar unhas eleccións a toda costa, cun señor que non arrima o hombro que o único que fai e sentarse, como lle dixo Alvarez Cascos efectivamente na hamaca a fumarse un puro, ata que a marea de votos lle veña solita, a marea de votos lle ira solita pero efectivamente todos recordaremos que cando se pudo acabar con ETA non apoio o hombro, e cando se poido acabar coa crisis tampouco, en consecuencia eu penso que esta deslexitimado para presentar mocións desta natureza polo que efectivamente a votaremos en contra.

Interven o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: Me parece que estas fora de contexto, aquí ninguén presentou unha moción para falar da crise económica, nin de poñer a Zapatero de volta e medio, porque o que sobran agora son argumentos, e vir aquí a facer demagogia contra o goberno de todos os recortes sociais, porque estamos falando do goberno máis antisocial que houbo en España, estamos traendo un tema puntual, e están falando doutros temas, estamos falando dun tema puntual e emerxente de casi un millón de familias que van quedar sen cobrar un euro, hai que priorizar, dicir que a Xunta de Galicia non vai a meter,



cando a Xunta de Galicia vai a meter vintecinco mil millóns de pesetas no Plan RISGA e noutras actuacións que está facendo, e servicios que esta facendo para atender o que é isto a emerxencia Social, porque isto é unha emerxencia social, unha persoa que non entre un euro en caso é unha emerxencia social, o primeiro que hai é priorizar e é isto, quitar os 426 euros é lamentable, que recorten doutras partidas, que recorten outros gastos, que se faga outro tipo de política, pero á xente máis débil non se lle pode quitar isto, o dixeran anteriormente estamos nunha situación da xente máis débil que ten que comer ó día seguinte que non hai recursos de ningún tipo, e que lamentable vaise a incrementar a delincuencia, pedir isto non estamos facendo un debate de política xeral, se vamos a eso dicir como chegou o goberno socialista ó poder, como chegou o goberno socialista o poder no ano 2008, mentindo e negando a crisis cando estaba encima para gañar unhas eleccións, podemos ver o debate que foi de Solbes con Pizarro, todo o que dixo Pizarro así foi, minte ademais cos datos enriba da mesa, e non vamos a facer un debate de todo isto, porque a realidade e os feitos son os que son, e miren vostedes de chegar o goberno sexa como sexa non van a ser vostedes os exemplos a seguir, a vostedes lles vale todo, tanto no goberno Central, como no Autonómico e no Local, que a situación é grave en toda Europa, si, que unos o tomaron dunha maneira e outros doutra, si, o Partido Socialista o negou á maior, entón as reformas e os recortes que había que ir facendo se foron de deixando e canto máis se tarde en facelas peor vamos a saír da crise, e esa é a situación temos crise para dous ou tres anos, e o problema é que hai que facerlle caso ós alemáns, porque o goberno xa non goberna, esta en precario, un Presidente que non se vai a presentar, xa non se goberna e agora ten gobernar Europa, estamos diante dunha situación tan lamentable que agora os que mandan son os Europeos, vai a vir a Merkel aquí pasado mañán a dicir o que hai que facer, e lamentable e nos por humanidade deixando a parte as tendencias políticas, estes 426 euros non se quiten, e se se quitan que se den doutra maneira, como sexa, pero estas axudas hai que dalas e manter a este xente que entre unha cantidade aínda que sexa ínfima na súa casa, isto temos que traballar todos, isto non se ten que levar ó debate político, eu o dixeran sempre, que hai que reforzar os Servizos Sociais, que a situación ven mala, que hai que axudar a familias que o están pasando mal, a situación non se vai a amañar dun día para outro, a situación e a que hai, redución de salarios, incremento do recibo da luz, incremento do gas, incremento do butano, incremento do gas-oil, a xente que non ten recursos non se pode olvidar, isto esta por riba do debate político e por riba dos recortes sociais, nos aquí traemos nos parece de xustiza defender a estas familias, seguimos empezados en pedirlle o goberno de España que manteña estas axudas, non estamos pedindo outras axudas, non estamos utilizando isto en contra de nada, para o debate xeral xa hai parlamentarios que están alí en Madrid e xa saben o que teñen que facer, nos o que tratamos de defender a estas familias que non sei as que habrá no Concello de Ares pero si que as hai, e a situación é delicada.

Interven o Sr. Alcalde: Fixadas as posicións, xa dixemos que non é creíble este discurso por un partido da dereita, e por un partido liderado por un líder que concede unha entrevista no País e que di que seu modelo é o de Cameron, que o primeiro que fai é suprimir as axudas



os parados de longa duración, suprimir as becas para os estudantes, e se lanzan todos os chicos a rúa, loxicamente carga a policía e no medio collen o coche de Carlos con Camila, pois sería porque non houbo recortes sociais no modelo que dice Rajoy que lle gusta para España e xa non falemos do 2008, onde os portadores do VIH se lle retira o RISGA porque dice que o RISGA so debe ser para os enfermos de SIDA, e claro ser portador do VIH mentres non desenrolas a enfermidade, mentras non desenrolas a inmunodeficiencia e en consecuencia te mete en cama unha desas enfermidades que se aproveitan da baixada de defensas, e de maneira oportunista te leva á morte, pois efectivamente centos de drogadicto portadores do VIH que non desenrolaron a enfermidade quedaron sen o RISGA para empezar a roubas nas gasoliñeiras, e eso o fixo Aznar, e agora vostede me di de incrementar a delincuencia polos 426 euros, e que non é creíble o seu discurso, porque loxicamente ven desa dereita europea que agora ven como modelo e que efectivamente mira Merkel lanzou a trinta mil funcionarios á rúa, se a vostede lle parece ben, Zapatero non puxo nin a un na rúa, Zapatero non destrúe emprego, destrúe emprego o sistema económico, que o destrúe en toda Europa, pero Merkel destruíu trinta mil empregos no Sector Público fixo bon a Zapatero e súas medidas porque non puxo a ninguén na rúa, en consecuencia esas son as medidas que a vostedes lles gustarían e agora aproveitando unha situación dolorosa pois queren lanzarse a por esa marea de votos que lles vai a chegar efectivamente na hamaca fumando un puro.

Someti a votación a Moción o Pleno do Concello por 6 votos a favor (4 P.P. 1 NAL e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 5 votos en contra do PSdeG-PSOE, acorda prestarlle súa aprobación á moción antes transcrita e adoptar o seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a manter o Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 euros mensuais, para os desempregados que agotasen todas súas prestacións”.

B) MOCION DO P.P. “CONTRA A SUBIDA DO RECIBO DA LUZ ACORDADA PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2011”.

Dase conta da Moción do Partido Popular “Contra a subida do recibo da Luz acordada para o primeiro trimestre do 2011, do seguinte teor literal:

O inicio do ano 2011 non podía comezar pero para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do presidente Zapatero, **esmaga aos contribuintes** con subidas dos benes de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente.

Desde que goberno o Partido Socialista, a luz parou de subir, así dende o ano **2006 o recibo da luz subiu máis dun 40%**, mentres que cando gobernou o Partido Popular **entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%**, moi por riba da media da UE.



Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da súbida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes e Cerceda.

Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración.

O Partido Popular valora esta subida como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporta estabilidade e un dos factores de competitividade máis importantes para a nosa economía, como é a do custe da enerxía.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Ares a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

O Pleno do Concello de Ares.

-Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

-Instar ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto perxudica aos intereses de Galicia.

- Instar ao Goberno de España a conxelar o recibo da Luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.”

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Bueno e unha cousa parecida a anterior, non me vou a extender, creo que situación da luz, da política enerxética ven a traer estas consecuencias, creo que a situación tanto para as empresas como para as familias, a situación da subida da luz a subida da enerxía ven a mermar as economías familiares, en cinco anos a luz subiu un 40%, creo que é bastante penosa a situación, e traemos esta Moción cos seguintes propostas de acordo:

O Pleno do Concello de Ares.



-Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

-Instar ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto perxudica aos intereses de Galicia.

- Instar ao Goberno de España a conxelar o recibo da Luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.

Toma a palabra o Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage: Eu quería dicir que habría que engadirle o gas e o auga, entón eu estaría de acordo.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Simplemente dicir que isto xa foi debatido a través dunha Moción que foi aprobada aquí, sobre o tema das Centrais en Galicia, isto é unha consecuencia da política que se está facendo, e agora nos vemos con que se nos vai a subir o recibo da luz de do gas, eu creo que neste momento calquer tipo de subida e contraproducente sobre todo para as economías familiares, eu creo que a presión fiscal agora mesmo é moitísima os salarios a parte de conxelar van á baixa, eu creo que ademáis de subir non so o IVA senón todos os produtos de primeira necesidade, eu creo que a isto habería que tratar de buscarlle unha solución, unha das formulas é a proposta que poñen aquí, polo menos conxelala ou de subir que suba unha porcentaxe máis baixa, agora coa presión fiscal a cidadanía o vai pasar e incrementar moitísimo máis as dificultades económicas sobre todo no 2011, noso voto vai a ser afirmativo á Moción.

Interven o SR. Alcalde-Presidente: Bueno pois outra vez temos algo parecido ó anterior, Zapatero é un despilfarrador pero o prezo real da enerxía eléctrica, en canto á diferenza do que pagan os usuarios e o coste efectivo o ten que poñer alguen, quen o pon, o Estado, e en consecuencia outra vez, recorte, recorte, recorte, pois claro en que se recorta, cando se recorta en algo quen pide o recorte di hai non, efectivamente é unha situación complicada, podemos meter o gasóleo, podemos meter o gas, podemos meter a auga, podemos meter o imposto sobre a renda, podemos meter o prezo dos transportes, o da bolsa diaria, pero é que alguen o ten que pagar, en consecuencia efectivamente eu estou de acordo co Sr. Echevarría en que se inclua que estamos en contra da subida de todo, presento eso como emenda.



Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández, di que na Moción si a leichedes xa falamos de gas, do butano de todo eso, como se dixo anteriormente por outro Portavoz, esto xa o debatimos en consecuencia do carbón español que é moito menos calorífico e máis caro, eso foi unha aposta por parte do Presidente do Goberno de apoiar unha zona da minería, pois trae estas consecuencias claro, nos xa o dixemos aquí claramente cando se debateu eso, a transformación que houbo que facer en Endesa en As Pontes, esta transformación custou mil millóns das antigas pesetas, esa transformación Endesa non a ía a pagar esta claro, e as consecuencias son estas, ese gasto que se lle fixo facer á empresa e que agora non lle vale agora vai repercutido no recibo, creo que estas situacións hai que mirar, estamos nunha situación de políticas, esta situación non ven de Europa, esta é unha política equivocada do goberno en apostar por esta enerxía cando é máis cara e é mais mala, e preferible darlle outro tipo de axuda, e a transformación xa esta feita, tanto en Cerceda como en As Pontes, e o que hai que facer ir a unha enerxía máis económica, para poder competir, estamos en contra da política nuclear tamén, e como estamos nun mundo globalizado e competitivo hai que competir, con mesmo Francia que ten moito máis económica a enerxía, o noso se é moito máis caro e máis malo, que lle vamos a facer, hai que transformar, aquí cando houbo que facer a reconversión naval pois houbo que facela, non se podía competir e houbo que facela, vironse na necesidade votar a xente á rua, houbo que facer unha reconversión e adaptarse ós novos tempos, o tema da gandería igual, eu creo que houbo que facer transformacións en todos os ámbitos laborais do sistema para poder competir co mundo globalizado, creo que na situación na estamos o subir a enerxía é unha mala medida.

O Sr. Alcalde-Presidente: De novo xurden as contradicións do Partido Popular, se critica o Decreto do carbón nacional, pero logo todas as iniciativas que se presentaron tanto no Congreso como no Senado foron rechazadas cos votos do PSOE e do PP, e os votos do Partido Popular porque os Alcalde do PP de Castilla e Leon están encantados de non perder postos de traballo, entonces efectivamente as medidas que incentivan produtos nacionais, producen esa ventaxa, nos quixeramos un prezo da leite galega moito mellor que o da leite francesa, pois cando efectivamente creemos unha situación mellor para o carbón nacional que o carbón estranxeiro veña de onde veña sucede o mesmo, evidentemente o Partido Popular apoiou o goberno nesta medida porque Castilla-Leon é unha comunidade gobernada polo PP e non dixo nin mu, están encantados coa protección do seu carbón, porque nas cuencas mineiras dunha Comunidade gobernada pola dereita se manteñen os postos de traballo, polo tanto en Castilla-León din unha cousa e en Galicia din outra, en Inglaterra din outra en Francia din outra e Mariano di o que escoita, e o que escoita últimamente é a Pedro Arriola seu asesor de imaxen e político que lle di todos os días cando se levanta “no la cagues”, no la cagues que esto cae solo, pois efectivamente está debaixo do guindo esperando que caingan as guindas mentres os españois nos afogamos, esta claro que é a elección de Mariano Rajoy, ata Aznar se arrepeniu de designalo, pero bueno en calquer caso mantemos a emenda, de que non suba o



recibo da luz, non suba ou auga, non suba o gas, non suba o teléfono, no suba o transporte, non suba a cesta da compra, non subas os impostos, e que non suba nada.

Acto seguido somete a votación a Emenda do Grupo Socialista, e o Pleno da Corporación por 6 votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 do Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarría Lage) 4 votos en contra do Partido Popular e 1 Abstención de NAL acorda prestar-lle a súa aprobación á emenda presentada in vocce polo Grupo Socialista.

Non se entra no debate das Mocións presentadas polo Grupo Municipal do BNG ó non estar presente ningún membro desta formación os cales excusaron a súa asistencia á presente Sesión Plenaria con motivo da Folga convocada polo Sindicato CIG para o día de hoxe, pasando ás mesmas o seguinte Pleno Ordinario.

C) MOCION DO B.N.G “CONTRA A SUBA DOS BENS DE PRIMEIRA NECESIDADE: LUZ GAS E AUGA”.

D) MOCION DO BNG”CONTRA OS RECORTES SOCIAIS DO ESTADO E DA XUNTA DE GALICIA”.

Acto seguinte e previo o paso do turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde pregunta os voceiros dos grupos se teñen algún Moción para someter á consideración do Pleno pola Via de Urgencia. Non presentándose moción alguna.

PUNTO 8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Toma a palabra o Sr. Echevarría Lage, e pregunta sobre a situación da relación como se encontra co Numancia Clube de Fútbol que habíamos quedado en ter unha reunión coa Xunta Directiva.

Resposta o SR. Alcalde: Co Numancia efectivamente chegamos lóxicamente a un entendemento na sinatura dun convenio no que se establezan claramente os dereitos e obrigas de cada unha das partes, lembremonos que o Campo de Fútbol é de titularidade municipal, pero que ten o uso unha Entidade Deportiva, e de feito é así, pero efectivamente no campo de fútbol hai unha serie de cuestións que hai que delimitar, a entrada en funcionamento do alumado vai a implicar un consumo moi elevado de electricidade, podemos estar a falar de entre 20 e 30 mil euros ó ano, o cal para as arcas municipais nestes momentos é unha contía importante, o que nos levará a delimitar que non poden encender todos os focos, porque poderan encender en cada torre, 2-3 ou 4 focos, todos non porque lóxicamente o gasto é inasumible, logo hai unhas obras de mantemento, e o mantemento ordinario ou extraordinario poden ter distintas respostas. O mantemento de uso lóxicamente podería facelo a entidade que usa, e o mantemento extraordinario o que está a facer nestes momentos o Concello, e na aportación a eses gastos de uso haberá que delimitar que poñen eles e que pon efectivamente o Concello, en consecuencia estamos a facer probas no alumado, de momento poñer un par de focos en cada torre xa esixe que o concello gaste 6000 euros,



porque para que encendan as luces de maneira separada hai que meter un cable neutro que non esta. Entonces claro o Concello ve esas necesidades as comparte pero ten que encontrar o momento. O Numancia nos chama e nos pide unha obra vamos e a facemos, nos pide o alumado vamos e o facemos, cada vez que hai que ir Bajama cobra, e mantenimiento do campo de futbol no esta no contrato do mantenimiento do alumado publico, cada vez que a esa empresa se lle chama para facer unha obra que non esta no seu contrato factura horas, por eso digo que é unha situación complexa e unha situación na que efectivamente de momento non hai ningún problema, eles o entenden, nos o entendemos e estamos a buscar a mellor solución, pero a mellor solución a un tema de diñeiro que deixaron de ser 2000 euros ó ano. Ata agora o Concello lle daba ó Numancia unha subvención de 2000 euros e rematouse o problema, non había máis problema, agora son os 2000 euros ó ano pagar a luz, pagar a auga, pagar efectivamente todos os servizos de reparación que se teñan que facer, os mantenimentos eléctricos que xa os fai a empresa municipal fora do contrato, claro a situación agora é moi distinta, con dous mil euros ó ano non arreglas, entonces estamos definindo ese marco.

O Sr. Echevarría Lage, di que el se refería a outra cousa a esa reunión para mirar si se facía ese contrato, entre o Concello e o Club de Futbol.

Resposta o Sr. Alcalde: Temos unha proposta por escrito da Entidade pero se refire máis ben ó que é o convenio de uso, pero falta toda esta parte económica, pero de momento se esta facendo; chaman para amañar calquer problema eléctrico e vai Bajama e paga o Concello, hai que facer reparacións de obra, e van os peons municipais e paga o Concello, se lles está facendo todo, que problema é o máis gordo, que cando empecen a encender as torres trinta mil euros xa non é unha cousa pequena, entonces loxicamente estamos intentando solventar o tema do alumado con fases parciais de encendido para equilibrar un pouco o gasto en electricidad.

O Sr. Luis Cendán, pregunta con referencia ó tema das obras da EDAR concretamente o tema da Praia, aínda que parece ser que hai unha Moción pedida sobre o tema, estes días parece ser ou polo menos me pareceu a mín parou dous ou tres días a maquinaria. En que situación se encontran a dia de hoxe, pola mañan estaban traballando as máquinas, e todo o que me podas informar ó respecto da situación actual.

Resposta o Sr. Alcalde: Cando nos empezamos no ano 2007, nos encontramos cun proxecto que é fundamental para o desenrolo de Ares como era a Depuración da Ría. Eu era un chaval e estaba paseando polo muelle e vin a Cuiña que era Conselleiro, que falaba da depuración e do Saneamento integral da Ría, esa foi a primeira vez que eu oín falar do Saneamento Integral da Ría, mirar xa onde vai Cuiña (con todos os respetos) e mirar o emisario do Clube de Remo votando porquería, dando asco, na zona do antigo Petelo. Entonces claro cando nos atopamos con aquel proxecto decidimos entre todos sacalo adiante pero revisando o que houbera que revisar, e o primeiro que revisamos foi o trazado, un proxecto desa magnitude pola fachada de



Ares eu estou convencido que condicionaría de maneira grave loxicamente pois futuros desenrols. En que consistía ese trazado, primeiro absolutamente toda a porquería atravesaba a fachada e ía para unha estación de bombeo que ía ó lado do clube náutico e hai toda a porquería incluso a que entra de Seselle, Limodre e Redes se bombearía por toda a fachada marítima ata Punta Avarenta, cando revisamos loxicamente ese proxecto chegamos á conclusión de que é moito máis sinxelo coller so á nosa porquería que é a que sale polo Clube de Remo, levala ó Mazote onde ven a demáis que non ten porque pasar por Ares ata alí, e Mazote, carretera de Chanteiro para arriba ata Punta Avarenta. Entonces se cambiou o trazado, porque nos parece moito máis sencillo levala do Clube de Remo ó Parque Rosalía de Castro, que traela de Limodre-Redes e todo Ares ó Porto para bombeala por toda a fachada marítima, evidentemente non tiña moito sentido, bueno pois loxicamente nesa fase estamos, estamos na fase de coller a porquería que sale no clube de Remo e levala ó Parque Rosalía de Castro, estamos nesa fase, cambia o sentido, en lugar de vir toda para aquí e subir pola fachada marítima, collemos a do clube de Remo e a levamos para o Parque Rosalía de Castro, para que despois vaia pola estrada da Deputación para Chanteiro, entón nos enfrentamos xa a esa fase, e cando miramos ó proxecto nunha línea continua demasiado larga e en máis de tres puntos, hai que ir a unha cota de 8 metros, e eses puntos coinciden xusto enfrente dos edificios máis grandes entón como vai na zona dos 20 metros ten que dar o permiso Costas, porque eso é competencia de Costas. Entón efectivamente os enxeñeiros de augas de Galicia caen na conta de que primeiro hai que demoler todo o paseo marítimo, ademáis de demoler todo o paseo marítimo a perforadora que é inmensa, vamos perforando en blando tembla todo, imaxinaros aquí perforando en duro, grietas nos edificios e risco de que algún edificio se viñera a baixo. En consecuencia Augas de Galicia pon enriba da mesa unha serie de temas que lle plantexa loxicamente ó Concello e lle plantexa a Costas, e augas de Galicia a Consellería de Política Territorial, cuos directores de obra son os directores da Obra, poñen enriba da mesa evitar esos perigos, en que consiste evitar esos perigos; que as obras non incordien desde o punto de vista Patrimonial, e dicir hai que salvar o paseo marítimo, segundo que non incordien desde o punto de vista da seguridade, hai que evitar que caigan edificios, hai que evitar que agrieten os edificios, hai que garantir que a xente certa situación de tranquilidade social, hai que garantir que a xente poida entrar nas súas casas, e hai que dicirlle os establecementos e os negocios que están no muelle, que non se van a ver afectados nunha situación xa de crise porque lles vamos a poñer unhas máquinas diante e ninguén vai a poder entrar en ningún establecemento do paseo, en consecuencia sen dúbida algunha hai razóns patrimoniais, razóns sociais, hai razón económicas, hai razón de seguridade e por suposto hai razóns medioambientais. E máis sencillo coller a pouca porquería que sale polo clube de remo en relación coa total e levala para alá, con o que definitivamente eliminamos o verquido máis importante para Ares, o verquido máis complicado para Ares e o do Clube de Remo, e vamos a eliminalo de inmediato, porque xa vai loxicamente á Estación do Parque Rosalía de Castro. Por todas estas razóns augas de Galicia plantexa seus argumentos e Costas lle dice que si, e o Concello por suposto lle di que si, e que as razóns son evidentemente de



libro, como podemos ter no paseo marítimo esa máquina perforadora facendo un furado de 8 metros diante dos edificios que hai no muelle, impedindo a entrada os portais, impedindo a entrada os bares, eliminado todas as terrazas, e metendonos nunha obra que destrúa o Paseo Marítimo, que ten que volverse a facer e que nos mete en oito meses, e o máis grave é que os edificios corren riscos de danos, porque están na Praia perforando e os poñedes no Parque e temblan os pés, entónces por todas esas razóns Augas de Galicia que son os directores de Obra, din as podemos executar así, e o Concello lles dí ir a Costas, eso non é competencia nosa, e van a Costas e Costas chama e di, a min me parece ben, vos vades a poñer algún problema, non, e Costas autoriza, en consecuencia efectivamente hai razóns máis que suficientes para elo. Cal é a situación de fondo a verdade hai argumentos máis que suficientes para responder á crítica que por parte do Partido Popular apareceu en dous diarios en días distintos, a obra non é do Concello, a obra é da Xunta, e por suposto efectivamente a Xunta terá que dar as explicacións pertinentes a quen crítica porque son do mesmo partido, agora a mín me parece ben, a mín cando me dixeron algunha obxeción, ningunha, a obra é vosa, e si Costas di que si eu non vou a poñer ningunha obxeción, e non lle vou a responder ó Partido Popular cando critican unha obra que é de Partido Popular, porque a mín quen me di que vaia por ahí e Augas de Galicia, entónces non entrei a responder esa crítica porque non me din por aludido, a obra nin e miña nin eu propuxen que se fixera alí, en consecuencia as explicacións as terán que dar en Augas de Galicia por eso non se considerou oportuno loxicamente responder, que por outro orden de cousas é o que a xente sabe, eu non tiven que explicar eso para que máis de un me dixera menos mal que vai por ahí, esta claro que os edificios do Paseo Marítimo corren un serio risco de grietas, esta claro efectivamente que eso ía a suceder, o Concello de Ares tivemos que executar algunhas obras como as da Rúa María e Rúa Real e tivemos que facer un protocolo de danos antes de empezar, porque sabíamos loxicamente que podía aparecer algúnha situación, e que un dano que xa estaba antes lle boten a culpa á empresa, esa é a situación. A obra non estaba parada o palista da perforadora lle deu un vaído o levaron para Bilbao e a empresa da máquina tardou dous días en enviar outro palista.

O Sr. Luis Cendan di que eu fixen esta pregunta porque a mín se formularon moitos interrogantes ó respecto, porque independentemente da posición política que poidades ter os grupos maioritarios neste caso, a bote pronto si entendo que a competencia dun trazado é competencia do Pleno se cambia o traxecto hai responsabilidade municipal, hai a primeira dubida se é competencia municipal, se esta cambiando o proxecto porque non estaba establecido. Segunda cousa o tema do trazado eso non o fixo o Concello, o fixo Costas, porque eu coñezo á persoa que acompañou á Empresa, e Costas dicía por ahí non baixo ningún concepto, aquí xa non se sorprende ninguen, entónces para uns casos si e para outros casos non, eu quero que se solucione da mellor maneira posible.

O Sr. Alcalde di que a Costas lle teñen que pedir autorización, cando Costas da autorización di, si hai danos a edificios pago eu porque autoricei eu, entónces cando os Enxeñeiros non lle garantizan a Costas que non exista perigo nas vivendas, mandan a un



Enxeñeiro para ue comprobe, Costas non quere enfrentarse a dar unha autorización que pon en perigo a bens e persoas, Costas pregunta si hai risco para bens e persoas, e a resposta é —é que a cota e moi profunda—, entonces Costas lle di, dime onde non hai riscos para bens e persoas, e por supostos os enxeñeiros de Augas de Galicia anticipándose a esa situación son os que loxicamente van a Costas a montar a película a dicir mira esto é complicado.

O Sr. Luis Cendan, di que eses argumentos senon todos se lle diron a Costas e fixo caso omiso, e agora plasma un proxecto, e nos mete a nos no problema porque a licencia a temos que dar nos, amaxinate que a Corporacion non de licencia a eso, ¿que pasa?.

O Sr. Alcalde di que se deu licencia a un proxecto moi grande, ti sabes que a execución permite cambios non sustanciais, e un desplazamento dun tubo dous metros hacia un lado, e eses desplazamentos os tivemos en mil sitios, o Enxeñeiro de Costas dicia que o papel aguanta todo, e dicir cando sobre o papel se poñia os 8 metros este o aguantaba, pero cando chegou a hora de facer os oito metros tiveron medo. Ese factor de ter eliminar dous metros de cota foi tido en conta polos enxeñeiros, xa que na Praia teñen que ir a 6 metros, entonces claro eles agora ó facer o furado no Xuncal xa non foro a 8 metros foron a 5 metros, tres os aforraron porque baixaron o nivel, a cousa se esta desenrolando moi ben, porque no Paseo do Xuncal non apareceron nin grietas no muro nin nas pedras, e pensa que no paseo do Xuncal as pedras están soldadas con cemento.

O Sr. Luis Cendan di: Eu que non son enxeñeiro nin moito menos, e a loxica ve que o trazado non pode ir polo muelle pola dificultade das casas, porque estamos falando que é xabre que é Praia, como se lles ocorre meter o trazado por ahí, porque eu non fago o estudio técnico nin o informe, hai que buscar outras formulas.

O Sr. Alcalde: O trazado o fixo PROYFE, en estamos cansados con PROYFE de modificados de modificados, e dicir chega o proxecto e PROYFE pon a dous rapaces a facelo, e cando chega a hora de executalo modificado de modificado, por certo a PROYFE a contrata todo o mundo, se leva a palma con todos os Concellos, e por certo eu cando cheguei xa estaba aquí, a Fonte de Papellas houbo que facerlle tres modificados, e certo que as veces coas enxeñerías te atopas con falta de previsión de alguns temas, pero como o papel aguanta todo, agora chegou a hora da verdade e non hai valor de facela por ahí.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández: Esta era unha obra que levavamos desde o 2002 loitando por ela, era un dos pilares fundamentais para convertir en Turístico un Concello mariñeiro nunha crise económica da construción naval, e un dos pilares un era a autovía e outro o saneamento da Ría, o que temos que vender neste Concello é o encanto natural que ten as praias e a Costa, e de hai empezamos a pelexar polo tema do saneamento da Ría que era complicado, se fixo un proxecto e en xaneiro de 2007 se nos entrega os Alcaldes, houbo algunha variación se trae o definitivo a mediados do 2007, se aproba en Pleno tal e como esta o proxecto e se executa, a raíz de eso empezan as dificultades cando empezan as



expropiacións dos terreos, e comencan os problemas pola Poella, na cal nos dixemos ti te ciñes o proxecto, vamos a modificar vamos a falar cos veciños haber si chegamos a un acordo.

O Sr. Alcalde Presidente: Di ese e o teu proxecto, ti pedias como contraprestación unha estrada ó Porto, e eu pedin que me amaran o Mazote outra contraprestación e o abastecemento a Cervás e o abastecemento e saneamento de Chanteiro, contigo non había nin o amaño do Mazote nin abastecemento de Cervás nin abastecemento e Saneamento de Chanteiro.

O Sr. Manuel Cendán: Cando entramos cando foi do Plan Xeral nos fixemos cinco alegacións e unha alegación foi cambiar ese vial, e facer un trazado novo, fixemos un trazado novo e ía un trazado novo dun ancho de 10 metros, eles se adaptaron e meteron o vial por ahí, o que non se pode facer e cambiar un proxecto aprobado no Pleno que ten que vir aquí, se fan cambios que dis que non son substanciais, un no pero todos sí, hai que facer un modificado do proxecto e traelo o pleno, hai unha ilegalidade xa ahí porque non se fixo, se cambiando un proxecto totalmente é un cambio substancial non é solo o da fachada marítima, se meteu pola Avda. de Mugardos que non ía, se cambiou o muelle que non ía, o extraño de todo isto é que eu vexo as máquinas na Praia e veño ó Concello e lle pregunto ó Sr. Secretario e os Técnicos Municipais e me din que non saben nada da obra e que ti tampouco sabes nada da obra, entonces eu digo as máquinas na Praia e que o Concello non saíba nada isto é grave. A ver que non se me daba información eu pedín unha Xunta de Voceiros, que non a quixeches convocar nin a convocaches, a raíz de eso pedín un Pleno extraordinario, que hai que convocar por lei, para que, para que nos des información, a min a información que diches aquí no Pleno me valía pero non a quiseches dar.

O Sr. Alcalde: Eu non a teño que dar, é o teu Partido o que goberna na Xunta, a mín que me preguntas dunha obra que non é miña.

O Sr. Manuel Cendán: Eu teño unhas atribucións como Concelleiro, e ti as diches aquí agora no pleno as informacións, e a mín me valía, eu pedin unha xunta de voceiros e non a convocaches, eu pedin o Pleno extraordinario porque quero información.

O Sr. Alcalde di: Non me diches nin tempo a respstarte e fuches o periódico, comencaron as obras o luns e o mercores xa estabas no periódico.

O Sr. Manuel Cendán: Julio non é certo non me fagas ir abaixo a buscar os papeis de cando pedín a xunta de voceiros, que tes cinco días para convocala, e cando pasaron os días pedin o Pleno extraordinario.

O SR. Alcalde di: As obras comencaron o luns e o mercores xa estabas nos xornais, que por certo non me diches nin tempo, que por certo eu non leo os papeis todos os días, ti presentas un papel aquí e ó mellor o suben os sete días, ou ti te crees que cando presentas un papel xa o suben o mesmo día, ti non sabes que eu son profesor universitario e non veño



todos os días ó Concello, que teño que ir a Universidade a dar clase, e cando presentas un papel o mellor o vexo o día seguintes ou os dous días, eu non estou aquí 8 horas diarias porque non teño contrato, o meu contrato é coa Universidade de Santiago.

O Sr. Manuel Cendán: Cando se pide unha convocatoria por un grupo político ou por que sexa ten un prazo, e hai que respostala, ti non tes que facer nada, o Sr. Secretario ten que dicir Alcalde hai solicitada polo grupo popular unha reunión de portavoces, e ti a convocas ou non a convocas, e tampouco se me contestou, e pedin un Pleno Extraordinario porque quero saber. A situación é a que hai, eu pido información, eu non a pedin para mín solo.

O Sr. Alcalde: Luis te acordas que nunha xunta de voceiros antes de Navidades eu xa expliquei esto.

O SR. Manuel Cendan: Non asistiría eu.

O Sr. Alcalde: Eu xa dixen nunha xunta de voceiros hai un mes nunha Comisión na que estabas ti, dixen que se cambia o trazado que hai problemas, hai que ir a Costas a pedir o permiso, a sorpresa e que todos o saben hai un mes, agora eu non sabía en que ía a consistir, porque loxicamente aínda estaban en trámites con Costas, entonces efectivamente o día 13 de xaneiro luns pide efectivamente esa reunión, e o mercores xa ataca no diario, e o 18 de xaneiro cando xa atacaches no diario na Voz pides o Pleno extraordinario, non esperaches nin que te respostara porque o quiseches utilizar políticamente, pero como te saleu o tiro pola culata, porque ata te chamaron para darche explicacións personais, porque ata me chamou o Conselleiro, e me dixo Julio tranquilo que explicollo eu, porque me dixo o Conselleiro que cho explicou o Presidente de Augas de Galicia no seu despacho, entonces se xa cho explican os teus, que vou a explicar eu.

O Sr. Manuel Cendán: Pero non te das conta que non me o teñen que explicar os meus.

O Sr. Alcalde: Pero si non me das tempo, pediches o lunes e o mercores o sacaches en prensa, non pasaron nin os cinco días.

O Sr. Manuel Cendán: Eu son concelleiro, e o PP pode estar gobernando na Xunta ou non pode estar gobernando, eu pido unha información, e si eu a tivera non a pedía, esta claro que eu non sabía nada do trazado da Praia, eu nin meu grupo, o grupo maioritario da Corporación, eu vin as máquinas na Praia, e vin a preguntar o Concello, educadamente ós técnicos, e ninguen sabía nada, e a maiores me dixeron que ti tampouco sabías nada, entonces eso foi a que a mín me alertou, que o Alcalde non supera nada.

O Sr. Alcalde: A min me dixeron que ía pasar esto, e nunha Comisión de Obras o dixen, vai haber na fachada marítima cambios porque o problema son os edificios.



O Sr. Manuel Cendán: Hai un Pleno extraordinario e non vamos a estar aquí en rogos e preguntas, a situación é a seguinte, hai un cambio sustancial do proxecto e a obrigaón da empresa ou da Dirección de Obra ou da Xunta de Galicia e presentar un modificación no Concello porque hai un cambio sustancial, eso esta claro, que é un cambio sustancial, e non se fixo, outro a Autorización de Costas. Costas fai o trazado e pola praia non pode ir nada porque esta prohibido, non pode ir ningunha tubería pola praia artigo 95 do Regulamento de Costas, e esto esta mal, e cheira mal, están todas as Administracións pringadas nesta tema. O fondo e o fin do saneamento, que esto é con fondos Europeos é para sanear as rías, nos a tubería que tiñamos na praia é vertical, vertical de descarga, a lei di que horizontal esta prohibida e se o fin e sanear as rías, e europa da o diñeiro para sanear as Rías, e levamos a tubería pola praia pois apaga e vamonos, non hai outra solución, pois habería que estudiala, nos quitamos unha tubería que ía polas Poellas e a pasamos pola Avda. de Mugaridos, o mellor esa tubería a podíamos pasar pola Rúa Real, pola Rúa dos Anxos ou por un rúa destas de por aquí, había que estudar e darlle outra alternativa, e non pasala pola fachada marítima, pero os técnicos os enxeñeiros deberían estudar esas tres alternativas, o único que había que facer era romper a praza da Igrexa, pero hai máis alternativas que esa, non é a única a da praia, pola rúa dos Anxos pode ir a tubería perfectamente, pola rúa Real pode ir a tubería perfectamente, que non veñan con engaños que a min non me van a enganar, eu lle dixen o Presidente de Augas o que lle tiña que dicir, porque hai hoxe tecnicamente o están facendo en Ferrol unhas maquinas que lle chaman tuneladoras, a obra esta contratada para levantar o firme, a Rúa María se levantou e a empresa que fixo o Saneamento tuvo que repoñer o firme, hoxe en día hai medios técnicos para poder facer a obra, hai outras alternativas que había que estudar. Eu pedía información e ti te negaches a dala, eu vou a defender os intereses do meu pobo.

O Sr. Alcalde: O día 13 de xaneiro el solicita a reunión da Xunta de Voceiros, e o mesmo día no Xornal xa me pon a parir, e me pide explicacións.

O Sr. Manuel Cendán pregunta pola obra de Fonte de Papellas que levamos xa un ano.

Resposta o Sr. Alcalde, que xa o dixo que houbo que modificar o proxecto tres veces porque a enxeñería o modificou tres veces, hai temos un problema que hai unha estrada por riba que pasa o Camión do butano, entón loricamente queremos que quede como estaba antes, por certo unha desas características desa fonte é que sempre poideron baixar animais, co que o trazado das escaleiras ten que ser orixinal, ese trazado das escaleiras é o que se esta agora ultimando no terceiro modificado, non caeron na conta de que esa fonte ten unha fisonomía histórica e que hai que mantela, teñen que poñer escaleiras como as que había antes. Por certo ti tiveches oito anos para amañar esa fonte e nin miraches para ela.

O SR. Manuel Cendán: Pregunta a respecto dos cortes de rúa, na rúa dos Anxos hai uns cortes que se están facendo que hai que tapalos.

O Sr. Alcalde resposta que teñen que repisar e despois taparanse.



E non tento máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cinco minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,